

2012

2013

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de Debuxo

I.E.S. A XUNQUEIRA I  
PONTEVEDRA



**Centro** **IES A XUNQUEIRA I**

---

**Rúa** **ALEXANDRE BÓVEDA S/N**

---

**Localidade** **PONTEVEDRA**

---

**Provincia** **PONTEVEDRA** **Código Postal** 36005

---

### COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE DEBUXO

Mario Iglesias González  
Ana M<sup>a</sup> Fuertes Besada  
Hernán Gómez Cortés (Xefe de Departamento)  
Manuel Rozados Fernández  
Alfonso Rubio Vidal

*A distribución de grupos é a seguinte:*

**Mario Iglesias González:**

1º BAC- Volume I (2 grupos), 3º ESO- EPV (3 grupos), 1º ESO- Atención educativa (2 grupos), 1º BAC - Atención educativa (1 grupo).

**Ana M<sup>o</sup> Fuertes Besada:**

2º BAC- Debuxo Artístico (2 grupos), Técnicas de Expresión Gráfico Plásticas (2 grupos), 2º BAC- Atención educativa (2 grupos).

**Hernán Gómez Cortés:**

1º BAC- Cultura Audiovisual (2 grupos), 2º BAC- Debuxo Técnico (1 grupo), 1º ESO- Atención educativa (1 grupo), 1º BAC- Atención educativa (1 grupo).

**Manuel Rozados Fernández:**

1º BAC- Debuxo Técnico (2 grupos), 1º ESO- EPV (4 grupos), 1º ESO- Atención educativa (1 grupo).

**Sonia Omil Expósito:**

4º ESO- EPV (1 grupo), 2º BAC- Deseño (2 grupos), 1º BAC- Debuxo Artístico (2 grupos).

*Toda actividade que se decida levar a cabo, así como todo acontecemento que poida xurdir será posto en común na reunión de departamento.*

**ÍNDICE**

DEPARTAMENTO DE DEBUXO.....	2
<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>6</b>
<b>ESO.....</b>	<b>7</b>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	8
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	8
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	8
PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	9
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	9
PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES. PROCEDEMENTOS PARA A SÚA CUALIFICACIÓN.....	10
PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR.....	10
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	10
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	
<b>PRIMEIRO CICLO ESO.....</b>	<b>14</b>
OBXECTIVOS XERAIS.....	15
<b>EP e V 1º ESO.....</b>	<b>16</b>
OBXECTIVOS.....	17
CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	18
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	19
TEMPORALIZACIÓN.....	23
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	23
<b>SEGUNDO CICLO ESO.....</b>	<b>25</b>
OBXECTIVOS XERAIS.....	26
<b>EP e V 3º ESO.....</b>	<b>27</b>
OBXECTIVOS.....	28
CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	29
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	30
TEMPORALIZACIÓN.....	36
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	36
<b>EP e V 4º E.S.O.....</b>	<b>38</b>
OBXECTIVOS.....	39
CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	40
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	41
TEMPORALIZACIÓN.....	48
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	48

<b>BACHARELATO</b> .....	50
CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.....	51
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	51
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	51
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	52
ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES.....	52
PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS.....	53
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	53
PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	53
<b>DEBUXO TÉCNICO 1º-2º BAC</b> .....	55
INTRODUCCIÓN.....	56
OBXECTIVOS XERAIS.....	57
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	57
<b>DEBUXO TÉCNICO I 1º BAC</b> .....	58
OBXECTIVOS.....	59
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	59
TEMPORALIZACIÓN.....	63
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	63
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	64
<b>DEBUXO TÉCNICO II 2º BAC</b> .....	65
OBXECTIVOS.....	66
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	66
TEMPORALIZACIÓN.....	70
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	71
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	72
<b>DEBUXO ARTÍSTICO 1º-2º BAC</b> .....	73
INTRODUCCIÓN.....	74
OBXECTIVOS XERAIS.....	74
METODOLOXÍA DIDACTICA.....	75
<b>DEBUXO ARTÍSTICO I 1º BAC</b> .....	76
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	77
TEMPORALIZACIÓN.....	79
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	79
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	80
<b>DEBUXO ARTÍSTICO II 2º BAC</b> .....	81
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	82
TEMPORALIZACIÓN.....	85
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	85
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	86
METODOLOXÍA DIDACTICA ESPECÍFICA.....	87

<b>VOLUME 1º BAC</b> .....	88
INTRODUCCIÓN.....	89
OBXECTIVOS.....	89
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	90
TEMPORALIZACIÓN.....	91
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	92
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	93
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	94
<b>CULTURA AUDIOVISUAL 1º BAC</b> .....	95
INTRODUCCIÓN.....	96
OBXECTIVOS.....	96
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	98
TEMPORALIZACIÓN.....	102
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	102
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	103
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	104
<b>DESEÑO 2º BAC</b> .....	105
INTRODUCCIÓN.....	106
OBXECTIVOS.....	106
SECUENCIA DOS CONTIDOS.....	107
TEMPORALIZACIÓN.....	112
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	113
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	114
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	115
<b>TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA 2º BAC</b> .....	116
INTRODUCCIÓN.....	117
OBXECTIVOS.....	117
SECUENCIA DE CONTIDOS.....	118
TEMPORALIZACIÓN.....	120
CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN.....	120
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	121
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	121
<b>ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR</b> .....	122
<b>ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC</b> .....	122
<b>ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA</b> .....	122
<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b> .....	122
<b>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS</b> .....	123
<b>PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN</b> .....	123

**INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

*Gran parte dos estímulos que recibimos son de natureza visual ou táctil, por un lado atópanse os que derivan da propia natureza e a que deriva da actividade da creación humana.*

*Para poder organizar e diferenciar toda a información visual é prioritario desenvolver nos alumnos actividades de formación crítica, análise, expresión e categorización das imaxes, adquirindo un instrumento eficaz que permita ó alumno ser activo e crítico e non un suxeito pasivo perante a gran acumulación da información visual propia do noso tempo. Do mesmo xeito que a linguaxe escrita e oral ten unhas normas ou leis gramaticais que posibilitan a súa correcta utilización, a linguaxe visual ten así mesmo unhas leis básicas que son necesarias coñecer e entender, e deste xeito poder desenvolvernos nun medio que cada día ten maior presenza nas nosas vidas.*

*As relacións das persoas co seu entorno son de dobre dirección: de recepción por unha banda, e de emisión de mensaxes pola outra. A isto os contidos desta área divídense en dúas liñas diferentes: a de saber ver, e a de saber facer.*

*O saber ver pode producirse en dous niveis distintos: no da percepción visual inmediata, e a de comprensión conceptual. Esta representa un nivel superior do saber supón unha análise das formas e das imaxes, unha síntese dos seus elementos e unha valoración obxectiva da calidade das imaxes.*

*A capacidade de apreciación do alumno non se enfocará a un entendemento conceptual máis propio de estudos especializados se non na capacidade de goce artístico e sensibilización artística.*

*O saber facer ten dous niveis: a representación e a instrumentación.*

*A representación ten un amplo espectro de posibilidades dende a representación puramente imitativa, ata as máis libres, onde o obxecto de referencia sofre transformacións radicais.*

*Para realizar calquera traballo plástico temos que acadar un certo grado de destrezas. Así temos que favorecer o coñecemento elemental das técnicas e procedementos que posibiliten as necesidades de expresión dos alumnos/as.*

*Os contidos e obxectivos nestes cursos están enfocados para que os alumnos/as podan afondar e progresar nos conceptos tratados nos cursos anteriores, de tal xeito que non se produzan roturas entre os coñecementos básicos entre niveis.*

*Con motivo da implantación do Bacharelato de Artes os contidos e reflexións vertidas previamente, terán neste nivel unha profundización tanto conceptual como procedemental para a consecución dos obxectivos nesta etapa, co fin de madurar as experiencias de formación inicial na ESO. Os traballos sobre a imaxe tanto en contido de realización coma de significación terán que acadar un nivel de autonomía e dirección persoal, por parte do alumnado que lles permita encarar dun xeito positivo as posteriores experiencias universitarias.*

*O criterio de elaboración desta programación está realizada en función dos axustes tanto do Departamento de Plástica así como no condicionante que establece o Bacharelato de Artes.*

# ESO

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

*Neste apartado consideramos a maioría dos aspectos actitudinais como chave da avaliación definitiva. Así atenderemos os seguintes criterios:*

- a) Para acadar a nota que certifique que o/a alumno/a supera positivamente a materia terá que entregar todos os traballos solicitados polo profesor ó longo do curso.*
- b) Na mesma liña as probas teóricas que consideren os profesores/as que deban ser realizadas terán que ser superadas para que o alumno/a poda ser avaliado positivamente.*
- c) Terase en conta ademais a súa actitude e todos os aspectos que poidan axudar ao profesor a alcanzar unha valoración o máis xusta e obxetiva posible dos méritos do alumnado.*

*Esta valoración será responsabilidade exclusiva do profesor do grupo.*

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

*Os/as alumnos/as serán avaliados sempre tendo como obxectivo que superen as competencias básicas establecidas en cada bloque de contidos. Todo esto está contemplado na avaliación da asignatura.*

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

*Fundamentalmente a avaliación basearase na observación sistemática das contestacións dos alumnos, traballos efectuados, presentación dos mesmos, que o profesor levará a cabo mediante anotacións que realizará no seu caderno de control e recollida das actividades realizadas. Tamén realizaranse probas escritas dos contidos con maior carácter teórico, aínda que sempre dirixidos á súa utilización práctica. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.*

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

*Se terán en conta os seguintes apartados:*

*A) Láminas e traballos da clase: Se observará a capacidade do alumno para materializar, e polo tanto comprender e asimilar os coñecementos, así como a súa capacidade para relacionarse e traballar en equipo nos traballos previstos con ese fin. Se valorará:*

- O esforzo realizado para lograr o mellor resultado.*
- Interés para corrixir erros e superar os resultados negativos.*
- Puntualidade na data de entrega dos traballos.*

*Estes traballos serán entregados ó alumno/a unha vez corrixidos, e así poderá coñecer en todo momento a calificación e os posibles erros si os houbera. A entrega destes traballos é obrigatoria.*



B) *Probas e controis. O profesor/a fará un seguimento do grao de asimilación có alumno/a ten individualmente dos contidos expostos na clase.*

C) *Actitude. Colaboración e disposición cara ó traballo e aproveitamento do mesmo mediante a observación diaria na clase. Interés por dispoñer na aula dos instrumentos e materiais de uso persoal necesarios para poder facer as tarefas da clase.*

D) *Orde e limpeza. Tanto na presentación dos diferentes traballos como na aula. Cuidado e conservación do material de traballo.*

E) *Exposicións e intervencións na clase. O profesor/a observará o grao de madurez, coñecementos e asimilación dos contidos.*

### **PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

*Para a avaliación inicial do alumnado realizaranse unas probas previas con unha serie de cuestións e de exercicios prácticos, para poder axustar a programación ós distintos niveis cos que nos encontremos na aula*

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

*A nota final da avaliación se obterá de acordo cós seguintes porcentaxes:*

- *Láminas e traballos persoais: 50%.*
- *Controis (exames): 40%.*
- *O 10% restante valorará a actitude, participación, etc.*
- *O aprobado require obter un 50% en cada una das partes mencionadas no apartado anterior.*
- *A cualificación final non se baseará na nota dun único exame, nin será a media das avaliacións, senón que se estimará segundo o nivel alcanzado polo alumno/a, tendo en conta todas as probas realizadas así como todas as notas acadadas, valorando que a nota media das avaliacións leve unha progresión ascendente.*

### **PROBA EXTRAORDINARIA**

*Os/as alumnos/as que non superen a materia no mes de xuño terán que cumprir os seguintes requisitos para setembro:*

- 1) *Establecerase o traballo que teñan que realizar os/as alumnos/as durante os meses de xulio e agosto seguindo os criterios da programación existente. Estes traballos será imprescindible realizalos para poder superar a asignatura no mes de setembro.*
- 2) *En setembro farase un exame dos contidos mínimos da asignatura.*

### **PLANS DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES. PROCEDIMENTOS PARA A SÚA CUALIFICACIÓN**

*Os/as alumnos/as que teñan pendente a materia terán que cumprir os seguintes requisitos.*

- 1) Reunión ao comenzo do curso co/a profesor/a encargado/a da materia.*
- 2) Nesta reunión establecerase o traballo que teñan que realizar os/as alumnos/as durante o curso e seguindo os criterios da programación existente para os/as alumnos/as de réxime ordinario.*
- 3) Coincidindo ca secuenciación temporal que estime o/a profesor/a, realizaranse probas parciais para valorar o coñecemento conceptual e procedimental do traballo.*
- 4) En xaneiro e en abril farase un exame dos contidos mínimos da asignatura.*
- 5) No caso de non superar estes exámes realizarase outra proba no mes de setembro.*

### **PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR**

*Co fin de superar as dificultades detectadas no curso anterior o alumnado repetidor seguirá un programa específico. Para isto, se prepararán actividades programadas para realizar un seguimento personalizado do alumno.*

*Tamén se realizarán reunións co alumnado que o precise nos recreos ou nas horas de atención a alumnos. Igualmente prestaráselles unha atención máis individualizada na aula ante calquera problema ou conflito que puidera xurdir.*

*Pódense aproveitar estas reunións para aclarar dúbidas sobre os traballos que forman parte do programa de recuperación de materias pendentes*

### **METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

*En primeiro lugar convén sinalar que estamos diante dunha materia que se desenvolve a través de prácticas específicas moi diversas. Iso comporta a necesidade de dispoñer de TALLERES e de toda unha serie de recursos e de medios. A dinámica do aula así como a metodoloxía a seguir serán, polo tanto, diferentes ás doutras materias de carácter teórico.*

*Existen tres vías concretas para a aprendizaxe na área Plástica e Visual: Observar, facer e analizar. Hai que contar coa observación e a praxis específica. Pero tamén co contraste de ideas: a análise tanto dos traballos realizados, como de certos exemplos tomados da historia da arte, da teoría da imaxe ou dos achados de deseño.*

*A dinámica das clases comeza coas sondaxes que clarifican os esquemas previos para provocar, despois, un troco conceptual e de actitude a través da metodoloxía. Deben promoverse discusións ou exercicios colectivos que aturen intercambio de pareceres.*

*A través de tales accións é como explícanse os esquemas previos e compréndense as estruturas cognitivas dos/as alumnos/as. E non só no aspecto conceptual, xa que serven tamén para comprender que procedementos empregan na súa aprendizaxe e que actitudes manifestan.*

*Unha metodoloxía así debe motivalo e convertelo en protagonista da súa acción. A tal fin, convén fomentar a construción dun coñecemento propio que se logrará polo camino do traballo en equipo, unhas veces, e pola da aprendizaxe individualizada, outras. En todo caso, irá atopando esquemas propios de actuación e seleccionando aqueles mecanismos, procedementos e materiais máis acordes coas súas necesidades comunicativas.*

*Outros factores, como o respecto ás características do material, expresividade de cada medio, etc., conducen ao descubrimento dunha autodisciplina que leva ao traballo ben feito e que pode reportar certa satisfacción en pagamento do esforzo realizado (aumentando, ao mesmo tempo, a seguridade nas propias posibilidades).*

*Por último, a fin de dinamizar e axilizar os procesos de traballo, convén que sexan fixados con flexibilidade uns prazos indicativos.*

### **PROPOSTAS METODOLÓXICAS CONCRETAS**

- *. Dedicar a comezos de cada curso, algunhas clases teórico-prácticas o coñecemento dos instrumentos, materiais e técnicas básicos que se vaian utilizar durante todo o ano. Estas clases serán completadas con aquelas que sirvan para explicar actividades concretas.*
- *. Utilizar medios audiovisuais que faciliten a comprensión dos contidos (proxeccións de diapositivas, presentacións en Power Point e vídeo). En temas de marcado carácter conceptual como (Percepción e Comunicación) resulta imprescindible motivar aos alumnos e alumnas con estes medios, para provocar a análise e a discusión en grupo posteriores.*
- *. Axeitar as actividades ás circunstancias específicas do alumnado: nivel de destrezas (idade, esquemas e habilidades previas), nivel adquisitivo (condicións persoais, da barriada, a cidade), anhelos individuais ou colectivos, contorno artístico cultural, etc.*
- *. Favorecer a creatividade e a expresión persoal, partindo de formulacións comúns para todos os alumnos/as. É importante a experimentación, xa sexa encauzada ou intuitiva.*
- *. Ilustrar as actividades con exemplos da arte, a artesanía e o deseño, de distintas culturas e épocas, evocando especialmente a galega e outros vestixios de arte local.*
- *. Realizar visitas a museos e galerías, monumentos e conxuntos históricos, Facultades e Escolas de B.B.A.A., talleres de cerámica, gravado, serigrafía e imprenta.*
- *. Utilizar a rúa como elemento motivador para a obra plástica, saíndo en horas da clase a realizar apuntamentos pictóricos do natural. En unidades temáticas concretas, como é o caso da fotografía, os alumnos e alumnas terán que dedicar horas non lectivas a realizar as tomas que sexan necesarias en lugares diversos.*
- *. Liberar ao alumnado no posible de tarefas na casa, posto que moitos carecen de espazo e condicións mínimas para realizalas, animándolles tamén a crear un ambiente adecuado no aula. En ocasións é suxestivo un fondo musical.*
- *. Promover o traballo en grupos, o cal permitirá un enriquecemento mutuo, fomentando a cooperación e a desinhibición.*

- . Animar ao alumnado a superar as dificultades de cada material e técnica, a persistir fronte á falta de destrezas, a probar novos camiños diante do esgotamento de recursos persoais. Non convén abusar da repetición de exercicios, pero si de usar a goma, enmendar detalles, reordenar ou replantexar durante o proceso, etc.
- . Aplicar as técnicas húmidas, que precisan utilizar pincel, á realización de exercicios de tema abstracto, xeométrico, posterizacións (recheo de siluetas calcadas) ou texturas. Dedicar en cambio as barras, lapis rotuladores... actividades figurativas, de representación de volume, claroscuro, cores e formas, análogos á realidade.
- . Exercitar o uso das técnicas buscando aplicacións concretas próximas ao alumnado e a súa contorna cotián. Casos prácticos: cómic, logotipo, cartel, portada de libro ou disco, máscaras, trofeos, mascotas, monicreques, envases de colonia, murais, exposicións, publicacións, escenografía, xoguete, etc.
- . Utilizar medios tecnolóxicos (cine, vídeo, ordenador...) sempre que se dispoña deles mostrando a diversidade de posibilidades que ofrecen.

Ademais destas indicacións, convén resaltar que a finalidade última destes procedementos é o enriquecemento expresivo e comunicativo do alumno, e nunca a pretensión de crear artistas, devalando a quen non supere o listón establecido.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender a diversidade plantexada nos niveis de educación correspondentes, especificaremos como grupo diferenciando aqueles que atendan ós criterios de agrupamento:

- a) Non acadar o nivel de coñecemento.
- b) Non ter interese e motivación.
- c) Non seguir o ritmo de traballo.

Unha vez detectada na avaliación inicial os agrupamentos flexibles correspondentes, as estratexias didácticas que rexerán a atención da diversidade serán:

- 1) Algúns contidos da programación terán carácter cíclico (entendendo por cíclico que os contidos básicos estudados nos primeiros niveis serán revisados e ampliados nos cursos superiores).
- 2) Reforzo explicativo na clase.
- 3) Reforzo mediante exercicios que se adecúen ó nivel do grupo.
- 4) Atención fora da hora lectiva ordinaria.

Para aqueles alumnos con dificultades (psíquica ou motora) se articularán as medidas pertinentes para cada caso, tendo sempre en conta o apoio dun especialista.

## PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

### **EDUCACIÓN CÍVICA E MORAL**

A realización de actividades en grupo contribúe a desenvolver a propia disposición á solidariedade, cooperación e respecto as opinións e formas expresivas ayeas, sendo un dos eixos metodolóxicos e organizativos do traballo da aula.

Por outra beira as características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como doutro tempo, doutras culturas distintas da nosa, tratando que os alumnos saiban respéctalas e valóralas.

### **EDUCACIÓN PARA A PAZ**

*Os contidos tratados nesta asignatura, a través do coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, fomentan o respecto á diversidade persoal, económica, étnica, cultural e social. Este achegamento á arte como patrimonio universal, favorece a convivencia pacífica dos pobos.*

### **EDUCACIÓN NON SEXISTA**

*Fomentase no alumnado o interese pola análise crítica daqueles contidos que denotan discriminación sexual na linguaxe a través da imaxe, así como dos estereotipos que de forma inconsciente reflicten nos seus traballos, co fin de levar a cabo unha progresiva transformación de actitudes.*

*Nas actividades de grupo faise necesario propiciar o intercambio de papeis entre alumnos e alumnas. Contribuirase así, a partir da propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.*

### **EDUCACIÓN AMBIENTAL**

*Foméntase nos alumnos pautas de actuación e comportamento dirixidas ao respecto ao medio ambiente. Tamén preténdese que haxa unha comunicación dos alumnos co entorno a través da linguaxe plástica.*

### **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**

*O concepto moderno de saúde atende non só a ausencia de enfermidade senón a existencia dun estado de benestar xeral: físico, psíquico e social.*

*Sábese por outra parte que na infancia, a adolescencia e a primeira mocidade, é cando se modelan os hábitos de vida, saudables ou dañosos. Iso fai da ESO un período formativo especialmente interesante para potenciar os estilos de vida saudables.*

*Preténdese por medio de estes contidos desenvolver estratexias para favorecer o autocuidado físico e psicolóxico e o amor propio na liña xa fundamentada de afondar nos procesos xerais de autonomía na formación integral.*

### **EDUCACIÓN VIAL**

*Unha apreciación de sentido común, que por desgraza se fundamenta e confirma cando analízanse as estatísticas nacionais e europeas, é que un elevado porcentaxe de vítimas de accidentes relacionados co tráfico son persoas de idade comprendida entre os cinco e os dezasete anos.*

*Este feito por si mesmo, xustifica a presenza da educación vial no currículo. Na súa virtude, devandita formación debe abarcar, entre moitos outros aspectos educativos, a axeitada forma de conducirse, nos niveis máis concretos da vida veciñal e doméstica.*

### **EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR**

*A Educación do Consumidor configúrase como unha transversal de alto interese dadas as características da sociedade na que vivimos. Os seus contidos estrutúranse en orde a posibilitar a construción dunha sociedade de consumo cada vez máis xusta, solidaria e responsable, que mellore a calidade de vida dos cidadáns, e que vele pola preservación e o desenvolvemento do medio.*

*Dotada dun forte carácter funcional debe posibilitar a formación de consumidores informados, responsables e solidarios con clara conciencia dos seus dereitos.*

*Iso require que os educandos poidan:*

- *Coñecer os procesos de produción, mantemento e distribución de bens de consumo.*
- *Desenvolverse intelixentemente en situacións adquisitivas.*
- *Recoñecer as vantaxes de asociarse para defender os propios dereitos.*

# **PRIMEIRO CICLO ESO**

## OBXECTIVOS XERAIS

- *Analizar e interpretar criticamente as imaxes do seu entorno.*
- *Ser sensible ós valores plásticos, estéticos e funcionais das imaxes ou formas que nos proporciona a propia natureza ou derivada da creación humana.*
- *Entender e experimentar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión comprendendo as relacións da mesma con outras linguaxes.*
- *Coñecer os principios, regras ou conceptos básicos da linguaxe visual, a fin de enriquecer a comunicación.*
- *Desenrolar capacidades de expresión e análise crítica e de apreciación.*
- *Expresarse de modo creativo utilizando os códigos, terminoloxía e procedementos mais idóneos.*
- *Utilización de diversas técnicas plásticas como medio de expresión e experimentación.*
- *Valorar e apreciar outros modos de expresión visual distintos dos propios ou dos gustos dominantes. Superar estereotipos e convencionalismos.*
- *Participar nos traballos colectivos para potenciar actitudes de flexibilidade, tolerancia, solidariedade e rechazo de discriminacións de carácter persoal e social.*
- *Apreciar o feito artístico como integrante dun patrimonio cultural e histórico contribuíndo a súa conservación e respecto.*
- *Coñecer o patrimonio artístico galego co fin de poder valorar a realidade máis próxima e contribuír así ó respecto e interese polo patrimonio artístico universal.*
- *Elaborar un diccionario persoal gráfico-teórico de terminoloxía da Arte.*

# Educación Plástica e Visual

# 1º E.S.O



## OBXECTIVOS

1. *Apreciar a realidade (natureza e entorno artificial) ca sensibilidade e intención perceptiva estética, distinguindo os elementos da linguaxe visual e plástica, e captando os seus valores expresivos.*
2. *Análise visual e gráfica das referencias do natural e imaxes, distinguindo as súas tipoloxías, describindo a súa estrutura y / ou seu aspecto visible.*
3. *Realizar representacións gráfico- plásticas bi e tridimensionalmente, con diferente grado de iconicidad e de subxectivación.*
4. *Analizar imaxes, obras de arte ou de deseño, distinguindo os elementos da linguaxe que as configuran e a súas relacións apreciando os valores expresivos e funcionais.*
5. *Coñecer e aplicar con fluidez e sensibilidade, técnicas grafico - plásticas de debuxo, pintura, collage, fotocopia e infografía.*
6. *Aproveitar as aprendizaxes demostrando interese nas actividades propostas, e a responsabilidade no seguimento, realización e entrega do traballo, coidado dos materiais e utensilios, contribuíndo, polo tanto, o bo clima na aula e a dinámica axeitada.*
7. *Emprego da terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual, diferenciando, ou no seu caso asociándoas a outras áreas do coñecemento, para acadar o mellor xeito de usar a máis convinte para expresar as ideas.*
8. *Participar nos traballos colectivos como medio de acadar valores de organización e planificación, incidindo na actitude individual con respecto o grupo.*
9. *Consideración do feito artístico como parte dun patrimonio histórico a conservar e transmitir, incidindo no coñecemento do patrimonio galego como contribución ó do resto da humanidade.*

## **CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Neste apartado se especifica cales obxectivos da asignatura contribúen ao logro das competencias básicas:

- *Competencia cultural e artística:*
  - Obxectivos: 1, 2, 3, 4, 5.
  
- *Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:*
  - Obxectivos: 1, 4, 9.
  
- *Competencia en comunicación lingüística:*
  - Obxectivos: 7, 8.
  
- *Competencia social e cidadá:*
  - Obxectivos: 6, 7, 8, 9.
  
- *Competencia de aprender a aprender:*
  - Obxectivos: 4, 8.
  
- *Competencia de autonomía e iniciativa persoal:*
  - Obxectivo: 2, 3, 4.
  
- *Competencia no tratamento da información e competencia dixital:*
  - Obxectivo: 3, 5.
  
- *Competencia matemática:*
  - Obxectivo: 2, 4.

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### BLOQUE I : TRAZADOS E FORMAS XEOMÉTRICAS

#### I.1.- Debuxo Xeométrico. Útiles e trazados básicos

##### A) OBXECTIVOS:

- *Coñecer e manexar axeitadamente os instrumentos básicos empregados no debuxo Xeométrico.*
- *Realizar trazados limpos e precisos.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Útiles para o Debuxo xeométrico.*
- 2) *Rectas paralelas e perpendiculares. Manexo ca escuadra e o cartabón.*
- 3) *Manexo do compás: Mediatriz e bisectriz.*

#### I.2.- Cadrado e triángulo. Trazado e aplicacións artísticas

##### A) OBXECTIVOS:

- *Descubrir e observar no Arte, no Deseño e no entorno o uso das formas xeométricas e comprender a súa importancia.*
- *Utilizar o cadrado e o triángulo para compoñer formas artísticas e creativas.*
- *Compoñer de xeito estético e ordenado deseños a partir de redes xeométricas básicas.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Construcción do cadrado e do triángulo coñecido o lado.*
- 2) *Redes xeométricas: triangulares e cadradas.*
- 3) *O cadrado e o triángulo no Arte e no Deseño.*

#### I.3.- A Circunferencia. Trazado e aplicacións artísticas

##### A) OBXECTIVOS:

- *Manexar o compás correctamente.*
- *Observar e apreciar a presenza da circunferencia e do círculo nos obxectos do entorno, no deseño e no arte.*
- *Realizar composicións artísticas partindo da circunferencia.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Elementos da circunferencia.*
- 2) *División da circunferencia en partes iguais.*
- 3) *Trazado de polígonos regulares inscritos na circunferencia.*

<b>BLOQUE II : ELEMENTOS DE CONFIGURACIÓN DO LINGUAXE VISUAL</b>
--

**II.1.- Elementos visuais da Imaxe****A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e investigar sobre as posibilidades expresivas dos distintos elementos visuais.*
- *Tomar conciencia dos elementos plásticos que configuran a linguaxe gráfica.*
- *Valorar a importancia que ten a organización dos elementos plásticos sobre a superficie pictórica e espacial para producir determinadas sensacións visuais.*
- *Desenrolar o sentido estético e expresalo a través de traballos de investigación cos elementos plásticos.*
- *Coñecer e experimentar con diversas técnicas e materiais para atopar diferentes texturas.*
- *Analizar diversas obras de arte atendendo ó xeito de utilizar o punto, á liña, os planos e as texturas.*
- *Valorar a forma como elemento fundamental da linguaxe plástica e visual.*

**B)- CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *O punto na imaxe: punto no espazo, punto de interese, punto como representación de formas, volume e profundidade.*
- 2) *A liña na imaxe:*
  - Tipos de liñas. Características gráficas e visuais, dirección, posición, cor, grosor, calidade.*
  - Valor expresivo e descritivo da liña.*
- 3) *O plano na imaxe:*
  - a) *Tipos de plano: Características gráficas e visuais.*
  - b) *Valor descritivo e expresivo do plano.*
  - c) *O plano como estruturador do espazo compositivo.*
- 4) *As texturas:*
  - a) *Texturas naturais e artificiais.*
  - b) *Texturas visuais: tipos e técnicas.*
  - c) *Texturas táctiles. Procedementos e técnicas.*
  - d) *A textura na composición. Expresividade da textura.*
- 5) *A forma: Formas figurativas e abstractas.*
  - a) *Partes da forma: contorno, silueta.*
  - b) *Tipos de forma: forma pechada, forma aberta, regulares orgánicas xeométricas.*
  - c) *Expresión das formas no Arte.*
  - d) *Formas simétricas: concepto de simetría e tipos.*

**II.2.- A cor****A) OBXECTIVOS:**

- *Conseguir destreza na definición e mezcla de cores.*
- *Valorar a importancia expresiva da cor e analizar as súas calidades formais.*
- *Distinguir as variacións de cor e coñecer as súas principais calidades.*
- *Aplicar os coñecementos adquiridos en creacións persoais.*

## **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A luz e a cor.*
- 2) *Cor pigmento, cores primarias e secundarias.*
- 3) *O círculo cromático.*
- 4) *Calidades da cor: ton, valor, saturación.*
- 5) *Gamas cromáticas: harmonía cromática, cores complementarias, cores frías e quentes.*
- 6) *A cor para representar imaxes. A expresividade da cor. A psicoloxía e a simboloxía da cor.*

## **II.3.- A comunicación visual**

### **A) OBXECTIVOS:**

- *Comprender e utilizar os signos e códigos que se empregan no cómic, co fin de comunicar ideas e sentimentos.*
- *Resumir as características das distintas linguaxes secuenciadas tomando como exemplo o Cómic.*
- *Distinguir as diferentes opcións expresivas dun cartel e seguir o proceso na súa elaboración.*
- *Valorar criticamente as imaxes acordo a súa función.*
- *Coñecer cales son as canles de difusión publicitaria e as tipoloxías de anuncios que se transmiten.*
- *Desenvolver a capacidade de observación das imaxes.*
- *Recoñecer a influencia que as imaxes exercen nos seus receptores.*
- *Utilizar e analizar os elementos visuais que forman as imaxes.*
- *Desenvolver a capacidade crítica e de observación do entorno social no que viven.*
- *Comprender e utilizar as relacións existentes entre a linguaxe plástica, a linguaxe dos xestos e a linguaxe literaria.*

### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS**

- 1) *Factores da comunicación visual : emisor, receptor, mensaxe,código...*
- 2) *Os linguaxes visuais: fotografía, cine, televisión, vídeo...*
- 3) *Finalidade e función das imaxes: comunicativa, informativa, exhortativa, expresiva, estética.*
- 4) *A publicidade e os mass-media. O cartel: proceso de traballo e recursos expresivos.*
- 5) *A linguaxe do Cómic. A viñeta, o plano, o ángulo de visión...*
- 6) *Lectura de imaxes.*

## **BLOQUE III : TÉCNICAS DA EXPRESIÓN GRÁFICO - PLÁSTICA**

### **III.1.- Materiais e técnicas**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer as diferentes técnicas gráfico-plásticas incluídas nos contidos conceptuais.*
- *Saber recoñecer no entorno e no arte as diferentes aplicacións das técnicas gráficas.*
- *Aplicar as distintas técnicas con orde e limpeza.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Os lapis de grafito.*
- 2) *As témperas.*
- 3) *As tintas.*
- 4) *Os rotuladores.*
- 5) *O estarcido.*
- 6) *A acuarela.*
- 7) *As ceras.*
- 8) *O collage.*
- 9) *A fotografía.*

*Observación do uso e das aplicacións destes materiais na pintura, no deseño e no debuxo.*

### **III.2.- Técnicas da estampación**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer as técnicas e procedementos para realizar exemplares idénticos dunha mesma obra.*
- *Utilizar o monotipo co fin de crear composicións plásticas.*
- *Comprender as diferencias entre a obra seriada e obra única.*
- *Aproveitar as posibilidades expresivas dunha matriz de linóleo.*
- *Coñecer a aplicación da obra seriada ó longo da historia e as diferentes funcións da mesma.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A estampación e o gravado. A obra única e a obra seriada.*
- 2) *Técnicas básicas do gravado e da estampación: o linóleo e o monotipo.*

### **III.3.- O modelado e a talla**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Diferenciar entre técnicas aditivas e substractivas na realización de volumen.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *O modelado como técnica aditiva.*
- 2) *A talla en xeso como técnica substractiva.*
- 3) *O relevo.*

**TEMPORALIZACIÓN****BLOQUE I: TRAZADOS E FORMAS XEOMÉTRICAS**

I.1 Debuxo Xeométrico. Útiles e trazados básicos.....	1ª Avaliación
I.2 Cadrado e triángulo. Trazado e aplicacións artísticas.....	1ª Avaliación
I.3 A Circunferencia. Trazado e aplicacións artísticas.....	1ª Avaliación

**BLOQUE II: ELEMENTOS DE CONFIGURACIÓN DAN LINGUAXE VISUAL**

II.1 Elementos visuais da Imaxe.....	1ª Avaliación
II.2 A cor.....	2ª Avaliación
II.3 A comunicación visual.....	2ª Avaliación

**BLOQUE III: TÉCNICAS DA EXPRESIÓN GRÁFICO - PLÁSTICA**

III.1. Materiais e técnicas.....	3ª Avaliación
III.2. Técnicas de estampación.....	3ª Avaliación
III.3 O modelado e a talla.....	3ª Avaliación

**CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES****Bloque I:**

- *Coñecer os materiais do Debuxo Técnico e saber utilizalos.*
- *Ser capaz de trazar correctamente rectas paralelas e perpendiculares.*
- *Ser capaz de construír polígonos regulares coñecido o radio da circunferencia circunscrita.*

**Bloque II:**

- *Coñecer a composición da cor e a súa relación cas demais, así como utilízala de xeito expresivo, creativo e lóxico.*
- *Saber utilizar as mesturas de cor máis significativas.*
- *Coñecer os elementos visuais da imaxe (punto, liña, plano, forma).*
- *Recoñecer os diferentes niveis na comunicación dunha imaxe.*
- *Saber describir as diferentes funcións e finalidades dunha imaxe.*
- *Ser capaz de recoñecer e distinguir os distintos tipos de linguaxes visuais: fotografía, cine, pintura, escultura...*
- *Saber identificar e analizar os recursos expresivos da publicidade.*
- *Saber identificar os distintos recursos expresivos do cómic.*

**Bloque III:**

- *Coñecer o fin e posibilidades básicas expresivas dos materiais plásticos.*
- *Coñecer a diferenza entre as técnicas de construción volumétrica aditiva e substractiva.*
- *Saber construír obxectos sólidos e ocos a través do modelado en arxila.*
- *Coñecer a diferenza entre obra única e obra seriada.*
- *Recorrer as fontes gráficas co fin de investigar sobre as diferenzas dos traballos volumétricos feitos por adición e subtracción.*
- *Recorrer as fontes gráficas co fin de valorar e diferenciar as distintas técnicas de estampación.*
- *Describir nun diario de traballo os pasos ou procesos a seguir na realización das diferentes técnicas.*
- *Valoración do coidado no orde e limpeza no uso dos diferentes materiais e utensilios.*

### **CONTIDOS ACTITUDINAIS MÍNIMOS**

- *Sensibilidade pola expresividade gráfico - plástica ó traducir o entorno natural ou artificial.*
- *Valoración da funcionalidade e a estética nos obxectos e no entorno.*
- *Recoñecemento dos medios de comunicación a través da imaxe.*
- *Recoñecer a utilidade da xeometría no recoñecemento de formas e espazos.*
- *Superación de estereotipos na expresividade persoal.*
- *Coidado na utilización do material propio e do Centro. Respecto polo dos compañeiros.*
- *Puntualidade e entrega dos traballos nas datas prefixadas nas clases.*
- *Respecto ó traballo e as propostas dos compañeiros.*
- *Aportacións persoais sobre o traballo na clase.*
- *Reflexión e autoavaliación nos procesos de aprendizaxe.*
- *Aprecio polas manifestacións culturais autóctonas.*



# SEGUNDO CICLO ESO

## **OBXECTIVOS XERAIS**

- *Percibir e interpretar críticamente as imaxes e as formas do seu entorno, sendo sensible as súas cualidades plásticas, estéticas e funcionais.*
- *Aprecia-lo feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente ó seu respecto, conservación e mellora.*
- *Expresarse con actitude creativa, utilizando os códigos, terminoloxía, procedementos e técnicas ca súas variedades da linguaxe visual e plástica co fin de enriquecer as posibilidades de comunicación.*
- *Comprende-las relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, elixindo a fórmula expresiva máis axeitada en función das súas necesidades de comunicación.*
- *Respetar e apreciar outros modelos de expresión visual e plástica distintos de convencionalismos, e elaborando xuícios e criterios persoais que lles permitan actuar con iniciativa.*
- *Relacionarse con outras persoas e participar nas actividades de grupo, adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia, superando inhibicións e prexuícios e rexeitando discriminacións debidas a características persoais e sociais.*
- *Valora-la importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas, e aprecia-la súa contribución ó equilibrio e benestar persoal.*
- *Planificar, individual ou conxuntamente, as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos ós obxectivos que se pretenden acadar e revisar, ó rematar, cada unha das súas fases.*

# Educación Plástica e Visual

# **3º E.S.O**

## OBXECTIVOS

1. *Observar e interpretar as imaxes e as formas do contorno máis próximo, así como outras algo alexadas del, sendo sensible ás súas cualidades plásticas e estéticas.*
2. *Apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte interesante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente ó respecto e conservación, con especial incidencia nas obras artísticas.*
3. *Expresarse con actitude creativa utilizando a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica.*
4. *Observar e analizar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, seleccionando no posible o medio de expresión que mellor se adapte ó mensaxe que se quera transmitir.*
5. *Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica, distintos do propio e dos modos determinantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos.*
6. *Participar en actividades de grupo, adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia e rechazando discriminacións.*
7. *Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas.*
8. *Apreciar as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con diversas técnicas plásticas e visuais.*
9. *Planificar individual ou cooperativamente, as fases do proceso de creación e realización dunha obra.*
10. *Utilización e análise da imaxe nas novas tecnoloxías. Incidencia na comunicación.*
11. *Apreciar os valores propios da cultura galega como proceso inmerso na creación artística universal, tanto nas épocas históricas como contemporáneas.*

## **CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Neste apartado se especifica cales obxectivos da asignatura contribúen ao logro das competencias básicas:

- *Competencia cultural e artística:*
  - Obxectivos: 1, 2, 8, 11.
  
- *Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:*
  - Obxectivos: 2.
  
- *Competencia en comunicación lingüística:*
  - Obxectivos: 3, 4.
  
- *Competencia social e cidadá:*
  - Obxectivos: 5, 6, 7.
  
- *Competencia de aprender a aprender:*
  - Obxectivos: 6, 8.
  
- *Competencia de autonomía e iniciativa persoal:*
  - Obxectivo: 9.
  
- *Competencia no tratamento da información e competencia dixital:*
  - Obxectivo: 10.
  
- *Competencia matemática:*
  - Obxectivo: 3, 4.

**SECUENCIA DE CONTIDOS****BLOQUE I : INTRODUCTORIO**

*Dado que a linguaxe básica da lingua, permítenos comunicarnos, entendemos que os códigos básicos polos que se rexe a comunicación visual aportarán un grado de coñecemento maior na expresión dun feito visual. As características propias da linguaxe visual e plástica será fonte de información e comunicación que clarexe a expresión dunha idea.*

**I.1.- A comunicación visual****A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer os diferentes elementos que interveñen nun acto comunicativo: percibir e observar.*
- *Ser capaz de esquematizar un proceso comunicativo, recoñecendo os elementos que interveñen.*
- *Ser capaz de crear un código de a lo menos 5 sinais para outras tantas mensaxes relacionadas coa aula.*
- *Ser capaz de diferenciar un logotipo, unha marca e un pictograma.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Elementos dun acto comunicativo. Dificultades para fixar a comunicación no espazo e no tempo.*
- 2) *Emisor: a mensaxe parte da suas sensacións e pensamentos.*
- 3) *Codificación.*
- 4) *Sinais: os seus tipos (iconas, índices, símbolos).*
- 5) *Sinais baseadas na forma, na cor e na textura.*
- 6) *Significado e significante.*
- 7) *Relacións semántica, sintáctica e pragmática dunha sinal.*
- 8) *Os deseñadores e deseñadoras como creadores de sinais.*
- 9) *Códigos: a súa pertenza.*
- 10) *Filtros operativos, sensoriais e culturais.*
- 11) *Receptor.*
- 12) *Descodificación: código común co codificador.*
- 13) *Canal o medio da transmisión: a sua importancia.*
- 14) *Logotipos, pictogramas e marca.*
- 15) *Forma (xeométrica ou natural), cor e textura.*

## **BLOQUE II : ATRIBUTOS VISUAIS. A SUA SINTAXE**

### **II.1.- Métodos de medición.Representación da realidade**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer a proporción e a escala.*
- *Coñecer os distintos canons da beleza histórica.*
- *Entender a diferenza do volume bidimensional e tridimensional.*
- *Ser capaz de valorar o claroscuro.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Relación entre a proporción natural e a xeométrica.*
- 2) *Os distintos canons nas diferentes etapas históricas.*
- 3) *Diferencia da proporción entre as formas naturais e as construídas polo home.*
- 4) *Volume bidimensional.Boceto, croquis do natural. O claroscuro.Técnicas lapis e témpera. Escuadra cartabón, compás.*
- 5) *División dun segmento en partes iguais.*

### **II.2.- Luz e cor**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer os fundamentos físicos da luz e da cor, e a íntima relación existente entre estes dous conceptos.*
- *Coñecer e apreciar as diferencias existentes entre as magnitudes da cor.*
- *Comprender a luz e a cor como portadores de sentimentos.*
- *Valorar as posibilidades expresivas dos tons con independencia das técnicas utilizadas.*
- *Espertar o interese por a observación e a valoración da cor en distintas épocas da historia da Arte.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A luz e a cor.*
- 2) *A cor como fenómeno físico e visual: cor luz e cor materia.*
- 3) *Fundamentos da teoría da cor considerado como pigmento: cores primarias, secundarias e terciarias, cores complementarias, cores frías e cálidas.*
- 4) *Obtención das cores por mesturas sustractivas.*
- 5) *Magnitudes da cor: matiz, tinte ou croma, saturación ou pureza, luminosidade ou brillo.*
- 6) *A cor na natureza.*
- 7) *A cor na vida cotiá.*
- 8) *A cor como un dos elementos plásticos esenciais na linguaxe visual e nos produtos artísticos.*
- 9) *.Uso da cor nos diferentes momentos da Historia da Arte (por exemplo no Renacemento, Barroco, Impresionismo, Fauvismo).*

### **II.3.- Textura**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Razoar, mezclando diferentes técnicas, potenciando a sensación de lectura, evitando que se anulen a si mesmas.*
- *Ser creativos e orixinais na utilización das técnicas e na disposición dos distintos elementos.*
- *Coñecer a importancia deste atributo visual nas manifestacións artísticas.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A mancha-textura como elemento configurador das formas.*
- 2) *Concepto de textura: percepción visual e percepción táctil.*
- 3) *Clases de texturas: de orixe natural e de orixe artificial...*
- 4) *Materiais e técnicas: collage, estarcido, témperas, ceras, técnica mixta.*

### **II.4.- Composición**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Descubrir e apreciar a orden intelixente e significativo dos elementos gráficoplásticos nas propostas visuais.*
- *Valora-la intuición e o xesto como elementos complementarios ás regras compositivas.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Esquemas organizativos bidimensionais.*
- 2) *O punto, a líña e o plano como organizadores do campo visual. A súa aplicación.*
- 3) *Nocións básicas do gravado en relieve: o linóleo.*

## **BLOQUE III : MATERIAIS E TÉCNICAS**

### **III.1.- Materiais e técnicas**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecemento e uso adecuado de instrumentos, materiais e técnicas básicos.*
- *Recoñecer e analizar nas obras de artistas contemporáneos e galegos, as posibilidades estéticas e semánticas dos diferentes materiais e procedementos.*
- *Experimentar na realización de técnicas mixtas, investigando solucións plásticas orixinais a problemas plantexados.*
- *Adquirir a costume de facer bocetos e probas antes de iniciar un traballo creativo.*
- *Coñecer as normas de seguridade e hixiene relacionadas co uso de instrumentos e materiais plásticos, así como o impacto medioambiental de alguns produtos e residuos.*



## **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Procesos selectivos e de codificación. Cada instrumento, material, técnica ou soporte engade valores estéticos á obra, variando o seu significado.*
- 2) *Procedementos quirográficos bidimensionais: debuxo e pintura.*
- 3) *Debuxo: técnicas secas (barras e lápiceis). Clasificación. Técnicas húmidas (tintas, pinceis e plumas). Clasificación.*
- 4) *Soportes e accesorios de debuxo. Instrumentos de trazado técnico.*
- 5) *Pintura. Principais técnicas: aguada, veladura, empaste, etc. Tempera, acuarela, acrílicos.*
- 6) *As técnicas mixtas e seu valor expresivo: falso grabado, esgrafiado, estarcido, témpera sobre cera, tinta china e acuarela, lápices de cor ou rotuladores sobre témpera, carbón e ziz.*
- 7) *Outras técnicas: Cerámica, gravado, collage...*

## **BLOQUE IV : LINGUAXES INTEGRADOS**

### **IV.1.- A Publicidade**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer os elementos propios da linguaxe publicitaria.*
- *Desenvolver a análise e a capacidade crítica e estética ante a mensaxe publicitaria.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Elementos da publicidade: mensaxe (imaxen-composición, cor, slogan, texto).*
- 2) *Fundamentos e funcións.*
- 3) *Tipos de produtos e de consumidores e tipos de anuncios.*
- 4) *Publicidade e psicoloxía: os roles sociais.*
- 5) *Os medios publicitarios. A banda deseñada: xeneralidades.*

## **BLOQUE V : XEOMETRÍA PLANA**

### **V.1.- As construcións xeométricas elementais**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer as características e tipoloxía dos polígonos regulares, e os seus métodos de construción.*
- *Valorar as posibilidades expresivas dos polígonos regulares.*
- *Espertar o interese pola observación dos polígonos regulares que se poden atopar na natureza e nos obxectos e obras realizadas polo home.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Polígonos regulares: definición, clasificación e construcións (tanto coñecendo o lado, coma o radio dunha circunferencia). Os polígonos que se lles darán serán: Triángulo, cadrado, pentágono, hexágono.*
- 2) *Polígonos estrelados dos polígonos dados.*

**V.2.- Tanxencias e Enlaces****A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer as posicións relativas das rectas e circunferencias no plano.*
- *Coñecer as propiedades básicas das tanxencias.*
- *Coñecer os casos de tanxencia, comprendendo a interacción que se produce nos elementos.*
- *Coñecer os trazados para realizar enlaces entre os diferentes elementos.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto de tanxencia: definición e propiedades.*
- 2) *Clases de tanxencias: entre rectas e circunferencias.*
- 3) *Concepto de enlace: definición, propiedades e construción.*
- 4) *Óvalo e ovoide.*

<b>BLOQUE VI : SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN</b>
---

**VI.1.- O Sistema Diédrico. Vistas****A) OBXECTIVOS:**

- *Clasificar os tipos de proxeccións.*
- *Coñecer os fundamentos básicos do sistema diédrico.*
- *Ser capaz de representar as vistas dun sólido sinxelo.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Proxectividade e sistemas de representación: do espazo tridimensional ó plano, tipos de proxección e sistemas de representación.*
- 2) *Sistema diédrico: sólidos xeométricos (cilindro recto, prisma recto de base cuadrangular, pirámide e cono recto) moi básicos e suas vistas.*

**VI.2.- Perspectiva axonométrica. Isométrica e cabaleira.****A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer o sistema axonométrico, seus fundamentos e seus tipos.*
- *Coñecer os eixos e as suas posicións.*
- *Saber construír figuras planas e tridimensionais sinxelas en axonométrico ortogonal e oblicuo.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamentos do sistema. Tipos de axonometría: Ortogonal: Isométrico. Oblicua: Cabaleira.*
- 2) *Isométrica: Posición dos eixos, representación de figuras planas e sólidos sinxelos (os mesmos feitos para unidade II.1).*
- 3) *Caballeira: Posición dos eixos. Representación de figuras planas y sólidos sinxelos (unidade II.1).*

**VI.3.- A perspectiva cónica frontal**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer o sistema cónico, os seus elementos, os seus tipos e fundamentos.*
- *Saber construír figuras planas e tridimensionais sinxelas no sistema cónico frontal.*
- *Coñecer a importancia do sistema na historia da pintura.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto de perspectiva cónica ou sistema cónico.*
- 2) *Fundamentos do sistema de xeito básico.*
- 3) *Clases de perspectiva cónica: diferencias entre a frontal e a oblicua.*
- 4) *Cónica frontal: sua aplicación (traballar cas mesmas pezas da unidade II.1).*

## TEMPORALIZACIÓN

### BLOQUE I: INTRODUCTORIO.

I.1. A comunicación visual..... 1ª Avaliación

### BLOQUE II: ATRIBUTOS VISUAIS. A SÚA SINTAXE.

II.1. Forma..... 1ª Avaliación

### BLOQUE V: XEOMETRÍA PLANA

V.1. Polígonos regulares..... 2ª Avaliación

V.2. Tanxencias e enlaces..... 2ª Avaliación

### BLOQUE VI: SISTEMAS REPRESENTATIVOS.

VI.1. O sistema diédrico. Vistas..... 2ª Avaliación

VI.2. Perspectiva axonométrica. Isométrica e Cabaleira..... 2ª Avaliación

VI.3. Perspectiva cónica frontal..... 2ª Avaliación

### BLOQUE II: ATRIBUTOS VISUAIS. A SÚA SINTAXE.

II.2. Luz e cor..... 3ª Avaliación

II.3. Textura..... 3ª Avaliación

II.4. Composición..... 3ª Avaliación

### BLOQUE IV: LINGUAXES INTEGRADOS.

IV.1. A publicidade..... 3ª Avaliación

**BLOQUE III**, desenvolverase ó longo do curso nos outros bloques.

## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### Bloque I

- Coñecer os diferentes elementos que interveñen nun acto comunicativo.
- Ser capaz de esquematizar un proceso comunicativo, recoñecendo os elementos que interveñen.

### Bloque II

- Coñecer a proporción do corpo humano, non só entre as súas partes, senon tamén entre o corpo humano e o entorno.
- Entender a diferenza do volume bidimensional e tridimensional.

### Bloque V

- Coñecer e apreciar a importancia da proporción en toda creación humana, xa sexa artística ou non.
- Coñecer as características e tipoloxía dos polígonos regulares, e os seus métodos de construción.
- Coñecer as propiedades básicas das tanxencias e algunhas construcións básicas.

### **Bloque VI**

- *Coñecer as características representativas do sistema diédrico.*
- *Ser capaz de representar as vistas dun sólido sinxelo no sistema diédrico.*
- *Saber construír figuras planas y tridimensionais sinxelas en axonométrico ortogonal e oblicuo.*
- *Saber construír figuras planas e tridimensionais sinxelas no sistema cónico frontal.*
- *Coñecer a importancia do sistema cónico na historia da pintura.*

### **Bloque II**

- *Coñecer e apreciar as diferencias existentes entre as magnitudes da cor.*
- *Coñecer a importancia das texturas nas manifestacións artísticas.*
- *Descubrir e apreciar a orden intelixente e significativa dos elementos gráficoplásticos nas propostas visuais.*

### **Bloque IV**

- *Coñecer os elementos propios da linguaxe publicitaria.*

### **Bloque III (Desenrolado a o longo das tres avaliacións).**

- *Coñecemento e uso axeitado de instrumentos, materiais e técnicas básicos.*
- *Recoñecer e analizar nas obras de artistas contemporáneos e galegos, as posibilidades estéticas e semánticas dos diferentes materiais e procedementos.*
- *Adquirir a costume de facer bocetos e probas antes de iniciar un traballo creativo.*

## **CONTIDOS ACTITUDINAIS MÍNIMOS**

- *Gusto pola precisión, exactitud e limpeza na elaboración de traballos de trazados xeométricos.*
- *Procura de solucións orixinais nas representacións gráficas.*
- *Apreciación do feito artístico, a través das realizacións plásticas do contorno e da realización persoal, respetando os distintos modos de expresión.*
- *Valoración da cor na obra de arte e no contorno.*
- *Superación de estereotipos referidos ó emprego da cor.*
- *Predisposición a considerar a apreciación do volume como algo cambiante, dependente da luz, situación, punto de vista, etc.*
- *Valorar a expresividade dos distintos materiais, procedemento e técnicas.*
- *Utilización da perspectiva cónica como un recurso máis na representación do espacio no plano.*
- *Obxetividade e exactitude na representación dos obxectos tridimensionais.*
- *Curiosidade e interés por coñecer obras pictóricas e debuxísticas donde se teña utilizado a perspectiva cónica.*
- *Utilización da perspectiva cónica como un recurso máis na representación do espacio no plano.*
- *Análises e crítica dos linguaxes publicitarios e a súa incidencia no contorno.*
- *Actitude crítica ante os aspectos positivos e negativos da publicidade e rechazo dos elementos que supoñen discriminación sexual, social ou racial.*
- *Obxetividade e exactitude na representación de obxectos.*
- *Precisión e limpeza na elaboración de deseños.*
- *Valoración do sistema diédrico como recurso na representación industrial dunha peza.*

# Educación Plástica e Visual

# **4º E.S.O**

**OBXECTIVOS**

1. *Coñecer e interpretar críticamente os distintos tipos de formas e imaxes que se producen na actualidade, sendo sensíbel a súas cualidades plásticas, estéticas e funcionais.*
2. *Coñecer e apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte interesante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente o seu respecto, conservación e mellora, con especial incidencia nas obras artísticas.*
3. *Expresarse con actitude creativa utilizando correctamente os códigos, terminoloxía e procedementos da linguaxe visual e plástica.*
4. *Coñecer e comprender as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, elixindo a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.*
5. *Respetar e coñecer outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos modos dominantes do contorno, superando estereotipos e convencionalismos, e elaborar xuícios e criterios persoais que permitan actuar con autonomía.*
6. *Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia, superando inhibicións e prexuícios e rechazando discriminacións debidas a características persoais ou sociais.*
7. *Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas, superar inhibicións e apreciar a súa contribución ó equilibrio e benestar persoal.*
8. *Apreciar, analizar e coñecer as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con distintas técnicas plásticas e visuais valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.*
9. *Planificar, individual ou colectivamente, as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos ós obxectivos que se pretenden conseguir e revisar, ó rematar cada unha das fases.*
10. *Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.*
11. *Establecer unha actitude positiva ante novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.*
12. *Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.*

**CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

Neste apartado se especifica cales obxectivos da asignatura contribúen ao logro das competencias básicas:

- *Competencia cultural e artística:*  
-Obxectivos 1, 12.
  
- *Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:*  
-Obxectivos 2, 11.
  
- *Competencia en comunicación lingüística:*  
-Obxectivos: 1, 2, 3, 4, 7.
  
- *Competencia social e cidadá:*  
-Obxectivos: 1, 8, 12.
  
- *Competencia de aprender a aprender:*  
-Obxectivos: 11, 9, 6.
  
- *Competencia de autonomía e iniciativa persoal:*  
-Obxectivos: 11, 6, 5.
  
- *Competencia no tratamento da información e competencia dixital:*  
-Obxectivo: 1, 8, 12.
  
- *Competencia matemática:*  
-Obxectivos 4, 10.



## SECUENCIA DE CONTIDOS

### BLOQUE I : ELEMENTOS DA CONFIGURACIÓN DA IMAXE

#### I.1.- Elementos da configuración da forma

##### A) OBXECTIVOS:

- *Analizar e coñecer os elementos estruturais da forma nas imaxes gráfico – plásticas.*
- *Analizar e recoñecer os elementos que xeran sensación tridimensional nas imáxenes gráfico - plásticas.*
- *Ser capaces de utilizar creativamente os elementos que estruturan a forma, para crear composicións gráfico – plásticas.*
- *Ser capaces de utilizar creativamente os elementos que xeran sensacións de tridimensionalidade, para crear composicións plásticas bidimensionais.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Elementos Estrucurais.*
  - 1.a) *Elementos conceptuais: Punto, liña, plano e volume.*
  - 1.b) *Elementos visuais: Forma, medida, cor e textura.*
  - 1.c) *Elementos de relación: Dirección, proporción, espazo e gravidade.*
  - 1.d) *Elementos prácticos: Representación, significación e función.*
- 2) *Percepción da forma e o espazo.*
  - 2.a) *Liña de contorno.*
  - 2.b) *Gradientes.*
  - 2.c) *Traslapo.*
  - 2.d) *Transparencia.*
  - 2.e) *Espazo.*
  - 2.f) *Tamaño.*
  - 2.g) *Enfoque, desenfoque.*
  - 2.h) *O marco como espazo continuo.*

#### I.2.- Composición e ritmo

##### A) OBXECTIVOS:

- *Comprender a importancia da organización espacial das formas na imáxe gráfico - plástica.*
- *Observar e comprobar a aplicación dos principios compositivos nas obras de arte.*
- *Aplicar os principios e normas compositivas na creación persoal.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A composición. O equilibrio no campo visual.*
  - 1.a) *Peso por posición.*
  - 1.b) *Peso por tamaño.*
  - 1.c) *Peso por configuración e textura*
  - 1.d) *Peso por cor.*
- 2) *Equilibrio das formas.*
  - 2.a) *Equilibrio perfecto.*
  - 2.b) *Equilibrio por equivalencia.*
  - 2.c) *Equilibrio por contrapeso.*
  - 2.d) *Equilibrio cromático.*
- 3) *Leis compositivas.*
  - 3.a) *Simetría axial e radial.*
  - 3.b) *Ley da balanza.*
  - 3.c) *Ley de compensación de masas.*
  - 3.d) *Uniformidade de masas.*
  - 3.e) *A sección aurea.*
- 4) *Esquemas compositivos.*
  - 4.a) *Pechado: triángulo, cuadrado, círculo...*
  - 4.b) *Aberto: ángulo, diagonal, en forma de L, de C...*
- 5) *O ritmo. Liñas de enlace.*
  - 5.a) *Modular.*
  - 5.b) *Artístico.*
- 6) *Opcións expresivas da composición.*
  - 6.a) *Único – profusión.*
  - 6.b) *Dinámico – quietude.*
  - 6.c) *Peche – expansión.*
  - 6.d) *Orden – desorden.*
  - 6.e) *Unidade – fragmentación.*

<b>BLOQUE II : A COR</b>
--------------------------

**II.1.- A cor****A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer as leis e propiedades físicas da luz e a cor.*
- *Coñecer e diferenciar as dimensións da cor en obras gráfico-plásticas.*
- *Expresarse con actitude creativa empregando axeitadamente os códigos, terminoloxía e procedementos propios da luz e da cor.*
- *Empregar a cor como medio creativo para xerar sensación tridimensional.*
- *Recoñecer e empregar a cor como vehículo significativo de expresión.*

## **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Cualidades e dimensións da cor.*
  - 1.a) *Tono.*
  - 1.b) *Valor ou luminosidade.*
  - 1.c) *Saturación ou intensidade.*
- 2) *Relatividade ou interacción da cor.*
  - 2.a) *Relatividade do tono.*
  - 2.b) *Relatividade do valor.*
  - 2.c) *Relatividade da saturación.*
- 3) *Contraste: sucesivo, simultáneo e fusión óptica.*
- 4) *Claves e variacións cromáticas.*
- 5) *Modulación da cor.*
  - 5.a) *Cores planos.*
  - 5.b) *Cores modulados.*
- 6) *A cor como representación do espacio tridimensional.*
  - 6.a) *Cores cálidos- primeiros planos.*
  - 6.b) *Cores fríos- sombras e fondos.*
  - 6.c) *Claves cromáticas: clave alta, media e baixa.*
- 7) *Simboloxía da cor e a súa utilización no:*
  - 7.a) *Arte.*
  - 7.b) *Deseño.*
  - 7.c) *Publicidade.*
  - 7.d) *Señalización.*

## **BLOQUE III : A XEOMETRÍA APLICADA Ó DESEÑO**

### **III.1.- Os polígonos regulares**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Recoñecer as formas xeométrica básicas na natureza e nos obxectos fabricados polo home.*
- *Coñecer e aplicar os trazados xeométricos elementais no deseño de formas.*
- *Apreciar e valorar a beleza e posibilidades expresivas dos trazados xeométricos e súas transformacións.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Triángulo.*
- 2) *Cadrado.*
- 3) *Pentágono.*
- 4) *Hexágono.*
- 5) *Circunferencia.*

### **III.2.- Tanxencias e enlaces**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Recoñecer na natureza e os obxectos fabricados polo home a utilización de formas tanxenciais e enlaces na súa estrutura básica.*
- *Coñecer e aplicar creativamente os trazados de tanxencias e enlaces no deseño de formas.*
- *Apreciar e valorar a beleza e posibilidades expresivas dos trazados de tanxencias e enlaces.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Tanxencias entre rectas e circunferencias.*
- 2) *Tanxencias entre circunferencias.*
- 3) *Enlaces.*
- 4) *Espirales.*

### **III.3.- O Sistema Axonométrico**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e aplicar os fundamentos do sistema Axonométrico.*
- *Apreciar, analizar e coñecer as posibilidades expresivas e representativas que ofrece este sistema e a súa utilidade no Deseño.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamentos do Sistema Axonométrico.*
- 2) *Perspectiva Axonométrica: Súas clases.*
- 3) *A Perspectiva Cabaleira: Fundamentos.*
- 4) *Paso de Sistemas.*
- 5) *O Sistema Axonométrico no Deseño Industrial.*

### **III.4.- O Sistema Diédrico**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e aplicar os fundamentos do Sistema Diédrico.*
- *Apreciar, analizar e coñecer as posibilidades representativas de normalización que ofrece este sistema e a súa utilidade no deseño.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamentos do Sistema Diédrico.*
- 2) *Normalización.*
- 3) *Proxección de sólidos no Sistema Diédrico.*
- 4) *O sistema Diédrico no Deseño Industrial e na Arquitectura.*

### **III.5.- O Sistema Cónico**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e aplicar os fundamentos do sistema cónico.*
- *Apreciar, analizar e coñecer as posibilidades expresivas e representativas que ofrece este Sistema e a súa utilidade no deseño e as Artes Plásticas.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A perspectiva Cónica Frontal e Oblicua.*
  - 1.a) *Fundamentos.*
  - 1.b) *Evolución do concepto de perspectiva na pintura.*
  - 1.c) *A perspectiva cónica na fotografía, Deseño do interior, a Pintura e o Cómico.*

## **BLOQUE IV : O DESEÑO**

### **IV.1.- O Deseño**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer a evolución histórica do Deseño.*
- *Coñecer e diferenciar entre os produtos de deseño, a súa pertencencia os distintos campos do Deseño.*
- *Recoñecer e saber aplicar as fases de proxectación no proceso de creación dun deseño.*
- *Coñecer e saber aplicar os fundamentos básicos do Deseño Gráfico e Industrial en creacións propias.*
- *Recoñecer e apreciar a importancia do Deseño no desenvolvemento Industrial, estético e humano da nosa sociedade.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Historia do Deseño.*
- 2) *Clasificación do Deseño.*
  - 2.1) *D. Gráfico.*
  - 2.2) *D. Industrial.*
  - 2.3) *D. de Moda.*
  - 2.4) *D.Arquitectónico.*
  - 2.5) *D. Urbanístico.*
- 3) *Proceso de creación dun deseño.*
  - 3.1) *Deseño Gráfico.*
  - 3.2) *Deseño de marcas.*
  - 3.3) *Identidade corporativa.*
  - 3.4) *Senalética.*
  - 3.5) *Tipografía.*
  - 3.6) *Cartel.*
- 4) *Deseño Industrial.*
  - 4.1) *Forma e función.*
  - 4.2) *Fases e secuencias do proceso de proxectación.*
  - 4.3) *O envase e o envoltorio dun produto. "El packag".*

## **BLOQUE V : AS LINGUAXES VISUAIS**

### **V.1.- A Publicidade**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e saber aplicar os fundamentos básicos da linguaxe publicitaria.*
- *Recoñecer as diferencias entre os distintos medios publicitarios, as súas características, elementos e aplicacións.*
- *Ser capaces de analizar criticamente un anuncio publicitario dunha maneira obxectiva e subxectiva.*
- *Recoñecer e apreciar a incidencia da publicidade no entorno social e cultural nas sociedades industriais.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamentos e funcións da publicidade.*
- 2) *Tipos de anuncios, de produtos e de consumidores.*
- 3) *Os medios publicitarios. A publicidade gráfica, sonora e audiovisual.*
- 4) *A mensaxe publicitaria, os elementos.*
- 5) *Fundamentos plásticos do Deseño Publicitario.*
- 6) *Os roles sociais na publicidade.*

### **V.2.- A Fotografía**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer a evolución histórica da fotografía.*
- *Coñecer e saber aplicar os fundamentos básicos das técnicas fotográficas (analóxica-dixital).*
- *Recoñecer e apreciar a imaxe fotográfica como unha máis das formas de expresión artística e a súa aplicación noutras disciplinas artísticas (deseño, cartel, publicidade).*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Historia da Fotografía.*
- 2) *A técnica fotográfica.*
- 3) *Os xéneros e estilos fotográficos.*

### **V.3.- A imaxe en movemento**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer a evolución histórica do cine.*
- *Coñecer e analizar os fundamentos da linguaxe cinematográfica.*
- *Ser capaces de crear imaxes audiovisuais propias.*
- *Recoñecer e apreciar a importancia do cine e dos medios audiovisuais como formas de expresión artística e a influencia que exercen sobre todo o entorno socio-cultural da nosa sociedade.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Antecedentes do cine. Xuguetes ópticos (sombras chinesas, linterna máxica, o zootropo...).*
- 2) *Elementos cinematográficos.*
  - 2.a) *Tipos de plano.*
  - 2.b) *Punto de vista.*
  - 2.c) *Angulación.*
  - 2.d) *Movemento de cámara.*
  - 2.e) *Elipses temporais.*
  - 2.f) *O guión, Story Board.*
- 3) *A televisión.*

## TEMPORALIZACIÓN

### BLOQUE I: ELEMENTOS DA CONFIGURACIÓN DA IMAXE.

- I.1. *Elementos da configuración da forma*..... 1ª, 2ª Avaliación  
 I.2. *Composición e ritmo*..... 1ª, 2ª Avaliación

### BLOQUE II: A COR.

- II.1. *A cor*..... 1ª, 2ª, 3ª Avaliación

### BLOQUE III: A XEOMETRÍA APLICADA Ó DESEÑO.

- III.1 *Os polígonos regulares*..... 1ª Avaliación  
 III.2 *Tanxencias e enlaces*..... 2ª Avaliación  
 III.3 *Sistema Axonométrico*..... 2ª Avaliación  
 III.4 *Sistema Diédrico*..... 2ª Avaliación  
 III.5 *Sistema Cónico*..... 2ª Avaliación

### BLOQUE IV: O DESEÑO.

- IV.1. *O Deseño*..... 1ª, 2ª, 3ª Avaliación

### BLOQUE V: AS LINGUAXES VISUAIS.

- V.1. *A publicidade*..... 2ª Avaliación  
 V.2. *A fotografía*..... 3ª Avaliación  
 V.3 *imaxe en movemento*..... 3ª Avaliación

## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### BLOQUE I

- *Recoñecer os elementos estruturais da forma.*
- *Coñecer os elementos que xeneran sensación tridimensional en obras bidimensionais e utilízalos en composicións propias.*
- *Saber o concepto de composición e súa aplicación para conseguir o equilibrio visual.*
- *Coñecer as leis compositivas.*
- *Recoñecer os esquemas compositivos máis empregados no desenvolvemento histórico da pintura.*
- *Recoñecer o concepto de ritmo en obras gráfico-plásticas.*

### BLOQUE II

- *Saber diferenciar os conceptos: tono, valor, e saturación.*
- *Coñecer a relatividade e interacción da cor co seu entorno.*
- *Saber utilizar as claves cromáticas e modulacións da cor en creación propias.*
- *Saber empregar a cor para xerar sensación tridimensional.*
- *Recoñecer a cor como vehículo significativo de expresión.*



### **BLOQUE III**

- *Coñecer e aplicar creativamente os trazados xeométricos elementais.*
- *Saber o concepto de tanxencia e de enlaces e a súa aplicación no Deseño.*
- *Saber os Fundamentos do Sistema Diédrico e aplicarlos en deseños propios.*
- *Saber os Fundamentos do Sistema Axonométrico e aplicarlos en deseños propios.*
- *Saber os Fundamentos do Sistema Cónico e aplicarlos en Deseños propios.*

### **BLOQUE IV**

- *Saber o concepto de deseño.*
- *Coñecer a clasificación do Deseño según a súa función.*
- *Coñecer e utilizar o proceso de creación dun deseño.*
- *Coñecer e saber aplicar os fundamentos básicos do deseño gráfico e Industrial en creacións propias.*

### **BLOQUE V**

- *Coñecer os elementos básicos da linguaxe publicitaria.*
- *Saber analizar críticamente un anuncio publicitario dunha maneira obxetiva e subxetiva.*
- *Coñecer os fundamentos básicos da fotografía (analóxica-dixital).*
- *Coñecer os fundamentos básicos da linguaxe cinematográfica.*

### **CONTIDOS ACTITUDINAIS MÍNIMOS**

- *Interese por coñecer as interrelacións dos elementos que configuran a forma nas obras artísticas.*
- *Interese por coñecer as composicións e ritmos empregados nas obras artísticas e de deseño.*
- *Valoración da composición e do ritmo nas obras artísticas e de deseño.*
- *Valoración da cor na obra de arte e no entorno.*
- *Interese e búsqueda de formas persoais de expresión a través da cor.*
- *Recoñecer a importancia que ten a cor na mensaxe visual e súa simboloxía.*
- *Gusto pola precisión exactitude e limpeza na elaboración dos traballos.*
- *Valorar a importancia da xeometría no noso entorno e a súa aplicación no deseño.*
- *Apreciar a beleza nas formas xeométricas.*
- *Valoración e apreciación da importancia dos Sistemas de Representación no desenvolvemento tecnolóxico e a súa aplicación nos procesos de creación industriais e artísticos.*
- *Valoración dos sistemas de normalización como algo útil que favorece o intercambio, comercio e comunicacións entre países.*
- *Recoñecer e valorar a importancia do deseño nas sociedades desenroladas e a súa influencia no gusto estético.*
- *Valorar a importancia que ten a publicidade no desenrolo económico. Social e cultural do noso entorno e a súa influencia nas nosas conductas emocionais.*
- *Actitude crítica ante aspectos positivos e negativos da publicidade e rechazo dos elementos que supoñen discriminación ou estereotipos.*
- *Valoración da fotografía e o cine como formas de expresión artísticas cos seus propios códigos formais.*
- *Valoración, respecto e disfrute do patrimonio cultural e artístico da comunidade, así como o do estado español.*

# BACHARELATO

## CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

*Ao tratarse do ensino de materias fundamentalmente prácticas consideramos a asistencia ás clases como indispensable para poder valorar a capacidade do alumno e avaliar o traballo diario na aula.*

*Así mesmo temos que entender o proceso avaliador como parte dun proceso de revisión do traballo para comprobar o aprendizaxe evolutivo do alumno/a, e escapar do criterio sancionador de resultados. Deberemos de incentivar a autocrítica como parte imprescindible da superación de resultados. Teremos que insistir que non chega con realizar o traballo, senón que este sexa resolto no maior grado de nivel posible.*

*A avaliación dos traballos rexeráse polos seguintes criterios:*

- a) Para acadar a nota que certifique que o/a alumno/a supera positivamente a materia terá que entregar todos os traballos solicitados polo profesor ó longo do curso.*
- b) Na mesma liña as probas teóricas que consideren os profesores/as que deban ser realizadas terán que ser superadas para que o alumno/a poda ser avaliado positivamente.*
- c) Teranse en conta ademais todos os aspectos que poidan axudar ao profesor a alcanzar unha valoración o máis xusta e obxetiva posible dos méritos do alumnado.*

*Esta valoración será responsabilidade exclusiva do profesor do grupo.*

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

*Fundamentalmente a avaliación basearase na observación sistemática das contestacións dos alumnos, traballos efectuados, presentación dos mesmos, que o profesor levará a cabo mediante anotacións que realizará no seu caderno de control e recollida das actividades realizadas. Tamén realizaranse probas escritas dos contidos con maior carácter teórico, aínda que sempre dirixidos á súa utilización práctica. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.*

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

*Se terán en conta os seguintes apartados:*

*A) Láminas e traballos da clase: Se observará a capacidade do alumno para materializar, e polo tanto comprender e asimilar os coñecementos, así como a súa capacidade para relacionarse e traballar en equipo nos traballos previstos con ese fin. Se valorará:*

- O esforzo realizado para lograr o mellor resultado.*
- Interés para corrixir erros e superar os resultados negativos.*
- Puntualidade na data de entrega dos traballos.*

*Estes traballos serán entregados ó alumno/a unha vez corrixidos, e así poderá coñecer en todo momento a calificación e os posibles erros si os houbera. A entrega destes traballos é obrigatoria.*

B) *Probas e controis. O profesor/a fará un seguimento do grao de asimilación có alumno/a ten individualmente dos contidos expostos na clase.*

C) *Actitude. Colaboración e disposición cara ó traballo e aproveitamento do mesmo mediante a observación diaria na clase. Interés por dispoñer na aula dos instrumentos e materiais de uso persoal necesarios para poder facer as tarefas da clase.*

D) *Orde e limpeza. Tanto na presentación dos diferentes traballos como na aula. Cuidado e conservación do material de traballo.*

E) *Exposicións e intervencións na clase. O profesor/a observará o grao de madurez, coñecementos e asimilación dos contidos.*

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

*A nota final da avaliación se obterá de acordo cós seguintes porcentaxes:*

- *Láminas e traballos persoais: 50%.*
- *Controis (exames): 40%.*
- *O 10% restante valorará a actitude, participación, etc.*
- *O aprobado require obter un 50% en cada una das partes mencionadas no apartado anterior.*
- *A cualificación final non se baseará na nota dun único exame, nin será a media das avaliacións, senón que se estimará segundo o nivel alcanzado polo alumno/a, tendo en conta todas as probas realizadas así como todas as notas acadadas, valorando que a nota media das avaliacións leve unha progresión ascendente.*

### **PROBA EXTRAORDINARIA**

*En setembro farase un exame dos contidos mínimos da asignatura.*

### **ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES**

*Os/as alumnos/as que teñan pendente a materia terán que cumprir os seguintes requisitos.*

- *Reunión ao comenzo do curso co/a profesor/a encargado/a da materia.*
- *Nesta reunión establecerase o traballo que teñan que realizar os/as alumnos/as durante o curso e seguindo os criterios da programación existente para os/as alumnos/as de réxime ordinario.*
- *Coincidindo ca secuenciación temporal que estime o/a profesor/a, realizaranse probas parciais para valorar o coñecemento conceptual e procedimental do traballo.*
- *En xaneiro e en abril farase un exame dos contidos mínimos da asignatura.*
- *No caso de non superar estes exámes realizarase outra proba no mes de setembro.*

**PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

*Para acreditar os coñecementos previos do alumnado realizaranse unas probas previas con una serie de cuestións e de exercicios prácticos, para poder axustar a programación ós distintos niveis con os que nos encontremos na aula.*

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

*Para atender a diversidade plantexada nos niveis de educación correspondentes, especificaremos como grupo diferenciando aqueles que atendan ós criterios de agrupamento:*

- a) *Non acadar o nivel de coñecemento.*
- b) *Non ter interese e motivación.*
- c) *Non seguir o ritmo de traballo.*

*Unha vez detectada na avaliación inicial os agrupamentos flexibles correspondentes, as estratexias didácticas que rexerán a atención da diversidade serán:*

- 1) *Algúns contidos da programación terán carácter cíclico (entendendo por cíclico que os contidos básicos estudados nos primeiros niveis serán revisado e ampliados nos cursos superiores).*
- 2) *Reforzo explicativo na clase.*
- 3) *Reforzo mediante exercicios que se adecúen ó nivel do grupo.*
- 4) *Atención fora da hora lectiva ordinaria.*

*Para aqueles alumnos discapacitados (xa sexa discapacidade psíquica o psicomotriz) se articularán as medidas pertinentes para cada caso, tendo sempre en conta o apoio dun especialista.*

**PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES****EDUCACIÓN CÍVICA E MORAL**

*A realización de actividades en grupo contribúe a desenvolver a propia disposición á solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas, sendo un dos eixes metodolóxicos e organizativos do traballo na aula.*

*Por outra beira as características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como doutro tempo, doutras culturas distintas da nosa, tratando que os alumnos saiban respectalas e valoralas.*

**EDUCACIÓN PARA A PAZ**

*Os contidos tratados nesta asignatura, a través do coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, fomentan o respecto á diversidade persoal, económica, étnica, cultural e social. Este achegamento á arte como patrimonio universal, favorece a convivencia pacífica dos pobos.*

**EDUCACIÓN NON SEXISTA**

*Foméntase no alumnado o interese pola análise crítica daqueles contidos que denotan discriminación sexual na linguaxe a través da imaxe, así como dos estereotipos que de forma inconsciente reflicten nos seus traballos, co fin de levar a cabo unha progresiva transformación de actitudes.*

*Nas actividades de grupo faise necesario propiciar o intercambio de papeis entre alumnos e alumnas. Contribuirase así, a partir da propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.*

### **EDUCACIÓN AMBIENTAL**

*Foméntase nos alumnos pautas de actuación e comportamento dirixidas ao respecto ao medio ambiente. Tamén preténdese que haxa unha comunicación dos alumnos co contorno a través da linguaxe plástica.*

### **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**

*O concepto moderno de saúde atende non só á ausencia de enfermidade senón á existencia dun estado de benestar xeral: físico, psíquico e social.*

*Sábese por outra parte que na infancia, a adolescencia e a primeira mocidade, é cando se modelan os hábitos de vida, saudables ou dañosos. Iso fai da ESO un período formativo especialmente interesante para potenciar os estilos de vida saudables.*

*Preténdese por medio de estes contidos desenvolver estratexias para favorecer o autocuidado físico e psicolóxico e o amor propio na liña xa fundamentada de afondar nos procesos xerais de autonomía na formación integral.*

### **EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR**

*A Educación do Consumidor configúrase como unha transversal de alto interese dadas as características da sociedade na que vivimos. Os seus contidos estrutúranse en orde a posibilitar a construción dunha sociedade de consumo cada vez máis xusta, solidaria e responsable, que mellore a calidade de vida dos cidadáns, e que vele pola preservación e o desenvolvemento do medio.*

*Dotada dun forte carácter funcional debe posibilitar a formación de consumidores informados, responsables e solidarios con clara conciencia dos seus dereitos. Iso require que os educandos poidan:*

- Coñecer os procesos de produción, mantemento e distribución de bens de consumo.*
- Desenvolverse intelixentemente en situacións adquisitivas.*
- Recoñecer as vantaxes de asociarse para defender os propios dereitos.*

### **EDUCACIÓN VIAL**

*Unha apreciación de sentido común, que por desgraza se fundamenta e confirma cando analízanse as estatísticas nacionais e europeas, é que un elevado porcentaxe de vítimas de accidentes relacionados co tráfico son persoas de idade comprendida entre os cinco e os dezasete anos.*

*Este feito por si mesmo, xustifica a presenza da educación vial no currículo. Na súa virtude, devandita formación debe abarcar, entre moitos outros aspectos educativos, a axeitada forma de conducirse, nos niveis máis concretos da vida veciñal e doméstica.*

Debuxo Técnico  
**1º-2º BAC**

## INTRODUCCIÓN

A necesidade de contar cunha ferramenta a disposición da descrición da forma, obxectivamente entendida, é o que lle da sentido ó Debuxo Técnico. A teoría e a práctica desta disciplina están presididas polo criterio de ofrecer unha visión controlada das estruturas formais, os obxectos e os espazos, así como as súas relacións espaciais no mundo real. Así, o Debuxo Técnico convértese nunha linguaxe universal ó servizo da expresión científica, técnica e artística. Por isto, o carácter científico e a necesidade práctica da expresión que debe mostrar o Debuxo Técnico esixe deste a racionalidade e o entendemento das súas formulacións e solucións. O Debuxo Técnico, así entendido, é un vehículo que alomenos cumpre os seguintes cometidos, que a menudo son independentes:

- Ofrecer unha imaxe ou imaxes do pensamento racional que, diante dun problema formal permítenos formulalo, analízalo, atopar unha solución e expresala graficamente.
- Desenvolver e comunicar graficamente todo o proceso que leva a consecución dun obxecto, un espazo, etc., dende a idea xerminal ata a súa realidade física.

Por outra banda, o Debuxo Técnico como linguaxe que é, está estruturado por unha gramática propia que lle da coherencia, racionalidade e comprensibilidade. Esta estrutura da que deriva esta linguaxe baséase fundamentalmente na xeometría, nos sistemas de representación proxectivos e nas normas técnicas do Debuxo. Non se pode entender a imaxe da realidade representada sen entender previamente o código que produce dita imaxe.

Co fin de procurar un estudio sistemático e coherente do conxunto de regras que constitúen esta gramática e a súa formulación práctica como linguaxe, a materia estrutúrase en tres grandes corpos temáticos:

- Xeometría plana
- Sistemas de representación baseados na proxección
- Debuxo Técnico Normalizado

Por suposto que estes corpos non deben entenderse como compartimentos illados a abordar secuencialmente, senon que están tan interrelacionados que uns precisan do apoio dos outros para o seu manexo e comprensión. Será o/a profesor/a quen organice e lle dea coherencia e continuidade o seu discurso docente segundo as características e circunstancias do alumnado.

Por outra banda, débese facer énfase na actitude intelectual que o estudio destes corpos aportan o alumnado. A xeometría plana proporciona o rigor do pensamento lóxico constructivo. Os sistemas de representación posibilitan o control do salto no baleiro desde a tridimensionalidade o plano e a normalización establece os convencionalismos universais que permiten entendelo representado.

Desde un punto de vista docente, partese de que os contidos desta materia xa foron abordados nun nivel inferior en cursos anteriores, e que a profundización que agora se acomete deba facilitarlle o alumnado un nivel de coñecemento suficiente como para abordar outros estudos máis especializados, así como para comprender as mensaxes gráficas emanadas do mundo actual no que a ciencia e a técnica teñen unha importancia decisiva.



**OBXECTIVOS XERAIS**

- *Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.*
- *Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.*
- *Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.*
- *Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.*
- *Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.*
- *Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.*
- *Conseguir a destreza e a rapidez necesaria ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.*
- *Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.*
- *Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.*
- *Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.*

**METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

*A formulación da programación do curso baséase no desenvolvemento dos contidos de forma lineal, partindo de construcións sinxelas para chegar a outras máis complexas, e a súa posterior aplicación, obtendo de forma razoada as solucións gráficas correspondentes.*

*A partir da exposición dos contidos, apoiándose na lousa e outros medios como o cañón proxector, os alumnos resolverán os exercicios e problemas propostos, coa maior exactitude, fomentando o traballo autónomo do alumno, propoñendo casos similares aos realizados, para potenciar a investigación e o razoamento. Para iso aplicaranse métodos de análise e síntese partindo do problema resolto. Os contidos están distribuídos en tres bloques: Xeometría métrica, Xeometría Descritiva e Normalización. Comezarase polo desenvolvemento da xeometría plana posto que coñecen os conceptos básicos e co fin de exercitarse no uso dos instrumentos de debuxo. Quincenalmente intentarase dedicar unha hora, na aula de informática, a desenvolver algúns dos contidos da materia utilizando como ferramenta un programa de deseño asistido por ordenador como o AUTOCAD, servindo ao mesmo tempo aos alumnos como estímulo e complemento na súa formación.*

*Paralelamente realizaranse outras actividades de aplicación práctica dos contidos aprendidos, referidas ao campo do deseño (industrial, gráfico...), onde se aplicarán as Técnicas Gráficas correspondentes. Para iso as unidades didácticas referentes a Sistemas de Representación, Normalización e o Esbozo desenvolveranse ao longo de todo o curso, realizando distintas láminas e exercicios onde variará o grao de dificultade.*

# Debuxo Técnico I

# **1º BAC**

**OBXECTIVOS**

- *Valora-las posibilidades do D.T. como instrumento de investigación, linguaxe universal e de transmisión e comprensión de información.*
- *Coñecelos fundamentos do D.T. para utilizalos na lectura de deseños e de produtos artísticos e elaborar solucións razoadas ante problemas xeométricos no campo da técnica e a Arte.*
- *A Normalización como código de comunicación universal.*
- *Coñecer e respecta-las normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.*
- *Realización de debuxos a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais da forma, orientación, proporción, detalles, medida, cubicación espacial, etc.*
- *Uso e destreza do material Técnico para a realización e presentación do traballo final no D.T.*
- *Acadar un coñecemento básico da representación tridimensional dende os aspectos de representación Diédrica, ata os conceptos axonométricos e cónicos.*
- *Uso das novas tecnoloxías na concepción e realización do mesmo.*

**SECUENCIA DE CONTIDOS****BLOQUE I : XEOMETRÍA PLANA****I.1.- A representación gráfica****A) OBXECTIVOS:**

- *Recoñecer a importancia da linguaxe gráfica o longo da historia e os procedementos empregados.*
- *Comprender o debuxo técnico como linguaxe universal normalizada.*
- *Aprender o uso correcto dos materiais e útiles de debuxo.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Introducción sobre a historia da representación gráfica:*
  - *Debuxo Artístico.*
  - *Debuxo Técnico.*
- 2) *Uso e comprensión do material: instrumentos tradicionais e tecnolóxicos.*
- 3) *Linguaxes normalizadas.*

**I.2.- Trazados fundamentais no plano****A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer a linguaxe básica da xeometría plana.*
- *Aprender a realizar operacións con segmentos, ángulos e rectas.*
- *Aprendizaxe e análise da construción de polígonos.*
- *Aprender os conceptos xeométricos de simetría, xiro, translación.*

**B)- CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Conceptos xeométricos fundamentais: tipos de liña, trazados elementais.*
- 2) *Paralelismo e perpendicularidade.*
- 3) *Ángulos notables. Trazados. Operacións e tipos.*
- 4) *A Circunferencia. Compoñentes.*

### **I.3.- Segmentos. Operacións**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender a proporcionalidade para relacionar formas simples e complexas.*
- *As relacións da realidade co debuxo no plano.*
- *Relacións matemáticas dos segmentos.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Segmentos. Operacións.*
- 2) *Proporcionalidade. Teorema de Tales e as súas aplicacións.*
- 3) *Cuarta e terceira proporcional entre segmentos.*
- 4) *Escalas: numérica e gráfica. Construcións, tipos e aplicacións.*

### **I.4.- Polígonos**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Razoamento sobre a regularidade dos planos e os seus métodos de construción.*
- *Configuracións internas dos polígonos.*
- *Recoñecemento das formas regulares como confección de espazos particulares.*
- *Redes, iniciación a fractales.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Regulares e irregulares.*
- 2) *Clasificación de triángulos. Construción de triángulos e propiedades.*
- 3) *Construcións e clasificación de cuadriláteros.*
- 4) *División da circunferencia, construcións dos polígonos regulares resultantes. Construcións de polígonos regulares partindo do radio.*

### **I.5.- Transformacións xeométricas**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender nas transformacións vehículos de axuda para interpretar e cambiar as estruturas no plano xeométrico.*
- *Experimentar no tamaño e posición a xeración de espazos novos.*
- *Saber analizar os distintos aspectos sensoriais e de construción que xenaran as simetrías.*
- *Os fractais como método experimental para xerar conceptos de formas novos.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Igualdade. Translación.*
- 2) *Semellanza, métodos.*
- 3) *Xiro. Simetrías no plano e no espacio.*

## **I.6.- Tanxencias**

### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender as relacións de posición entre rectas e circunferencias.*
- *Entender as relacións de posición entre circunferencias.*
- *A perpendicularidade como concepto de enlace entre as relacións das rectas e circunferencias.*
- *Construcción de formas de realización tanxencial.*

### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Tanxencia entre liña e curva. Tanxente de recta e circunferencia, tanxentes exteriores a dúas dadas, tanxentes interiores a dúas circunferencias, rectas tanxentes a unha circunferencia dende un punto exterior, enlaces entre rectas e curvas (polilíneas).*
- 2) *Tanxencias entre curvas: Circunferencias tanxentes entre sí (interiores e exteriores), Tres circunferencias tanxentes do mesmo radio, Tres circunferencias tanxentes entre si de radios diferentes, enlaces entre circunferencias.*

## **I.7.- Curvas técnicas**

### **A) OBXECTIVOS:**

- *Observar na utilización das tanxencias os aspectos especiais de curvas pechadas e a súa aplicación na realidade.*

### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- *Coñecemento da construcción de óvalos.*
- *Coñecemento na construcción do ovoide.*
- *A espiral e os diferentes recorridos tanxenciais.*

## **BLOQUE II : XEOMETRÍA DESCRIPTIVA. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN**

### **II.1.- Sistema Diédrico**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender o concepto de proxección como modo de representación.*
- *Comprender a representación posicional de puntos rectas e planos.*
- *Entender os conceptos de representación de sólidos básicos.*

#### **B)- CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamento da proxección diédrica: planos de representación.*
- 2) *Noción de raio proxeectivo e a súa representación e relación co plano. Representación do punto, recta e plano.*
- 3) *Posicións: paralelismo, perpendicularidade, oblicuidade.*
- 4) *En relación cos conceptos anteriores representación de sólidos.*

### **II.2.- Sistema Axonométrico**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender os fundamentos básicos do sistema.*
- *Aprender a representar formas xeométricas simples.*
- *Buscar a mellor representación dentro das variantes: cabaleira e militar.*
- *Valorar os ámbitos de aplicación.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamento da proxección axonométrica: planos de representación.*
- 2) *Tipos de axonometría. Casos particulares: Cabaleira, militar.*
- 3) *Representación da recta e plano comparativamente cos tipos de axonometría. Posicións: paralelismo, perpendicularidade, oblicuidade. Coeficientes de redución.*
- 4) *En relación cos conceptos anteriores representación de sólidos. Nocións de sombras arroxadas.*

## **BLOQUE III : NORMALIZACIÓN. CROQUIZACIÓN. NOVAS TECNOLOXÍAS**

### **III.1.- Normalización, croquización. Novas tecnoloxías**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Recoñecer a importancia e necesidade da normalización no debuxo técnico.*
- *Saber buscar unha norma.*
- *Valorar o uso da norma como medio de comunicación.*
- *Saber utilizar os programas informáticos para as realizacións finais dos traballos.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- *Fundamentos da normalización, xeración e organismos de clasificación.*
- *Formatos, acoutación.*
- *Iniciación a Corel Draw e Autocad.*

**TEMPORALIZACIÓN**

<b>BLOQUE I: XEOMETRÍA PLANA</b> .....	1ª Avaluación
<b>BLOQUE II : XEOMETRÍA DESCRIPTIVA. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN</b> ..... (agas Axonometría).....	2ª Avaluación
<b>BLOQUE III : NORMALIZACIÓN. CROQUIZACIÓN.NOVAS TECNOLOXÍAS</b> ..... (mais Axonometría).....	3ª Avaluación

**CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN**

- *Resolver problemas xeométricos, valorando o método e o razoamento utilizados na súa construción, así como o seu acabado e presentación.  
Coa aplicación deste criterio preténdese avaliar o nivel acadado polo alumnado no dominio dos trazados xeométricos fundamentais no plano e a súa aplicación práctica na construción de triángulos, cuadriláteros e polígonos en xeral, construción de figuras semellantes e transformacións xeométricas básicas.*
- *Utilizar e construír escalas gráficas tanto para a interpretación como para a elaboración de planos e debuxos. Este criterio indicará en que medida se comprendeu o fundamento das escalas, como concepto abstracto- matemático e aplicadas a distintas situacións que se poden dar na vida cotiá, xa sexa para interpretar as medidas nun plano técnico, mapa ou diagrama, ou para elaborar debuxos tomados da realidade.*
- *Deseñar e/ou reproducir formas non excesivamente complexas, que na súa definición conteñan enlaces entre circunferencia e recta e/ou entre circunferencias. A través deste criterio valorarase a aplicación práctica dos coñecementos técnicos dos casos de tanxencias estudados de forma illada. Valorarase especialmente o proceso seguido para a súa resolución, así como a precisión na obtención dos puntos de tanxencia.*
- *Elaborar e participar activamente en proxectos de construción xeométrica cooperativos, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. A aplicación deste criterio permitirá avaliar se o alumnado é capaz de traballar en equipo, mostrando actitudes de cooperación, tolerancia e flexibilidade.*
- *Utilizar o sistema diédrico para representar volumes sinxelos e formas poliédricas, así como as relacións espaciais entre punto, recta e plano. A aplicación deste criterio permitirá coñecer o grao de abstracción adquirido e, xa que logo, o dominio ou non do sistema diédrico para representar no plano elementos situados no espazo, relacións de pertenza, posicións de paralelismo e de perpendicularidade ou distancia.*
- *Realizar perspectivas axonométricas e cónicas de corpos, definidos polas súas vistas principais e viceversa, executadas a man alzada e/ou deliñadas.  
Con este criterio preténdese avaliar, tanto a visión espacial desenvolta polo alumnado, como a capacidade de relacionar entre si o sistema diédrico co axonométrico e a coa perspectiva cónica, ademais de valorar as habilidades e destrezas adquiridas no manexo dos instrumentos de debuxo e no trazado a man alzada.*
- *Representar pezas e elementos industriais ou de construción sinxelos, valorando a correcta aplicación das normas referidas as vistas, anotacións e simplificacións indicadas na representación. Proponse este criterio como medio para avaliar en que medida o alumnado é capaz de expresar gráficamente un produto ou un obxecto, coa información necesaria para a súa posible fabricación ou realización, aplicando as normas exixidas no debuxo técnico.*

- *Culminar os traballos de debuxo técnico, utilizando os diferentes procedementos e recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan ao obxectivo para o que foron realizados. Con este criterio quérese valorar a capacidade para dar distintos tratamentos ou aplicar diferentes recursos gráficos ou informáticos, en función do tipo de debuxo que se vai realizar e das súas finalidades. Este criterio non deberá ser un criterio illado, senón que deberá integrarse no resto dos criterios de avaliación na medida que lles afecte.*
- *A nota final da avaliación se obterá de acordo cós seguintes porcentaxes:*
  - *Láminas e traballos persoais: 25%.*
  - *Controis (exames): 65%.*
  - *O 10% restante valorará a actitude, participación, etc.*

#### **CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES**

- *O alumno/a apreciará a contribución artística dos elementos xeométricos.*
- *O alumno/a entenderá para a súa aplicación: ángulos, proporcionalidade, escalas, construcións poligonais elementais, e tanxencias.*
- *Os/as alumnos/as deberán recoñecer nas transformacións xeométricas elementos de relación artísticos e técnicos.*
- *As/os alumnas/os deberán saber reflectir o espazo circundante dende a proxección e a tridimensión.*
- *Os/as alumnos/as presentaran de modo Normalizado os traballos.*
- *Para ser avaliados convintemente os/as alumnos/as farán entrega de todo o traballo solicitado tanto nas avaliacións como na Final.*



# Debuxo Técnico II

# **2º BAC**

**OBXECTIVOS**

- *Desenvolver as capacidades que permitan resolver os plantexamentos gráficos.*
- *Coñecer os fundamentos do D.T. para utilizalos na lectura de deseños e de produtos artísticos e elaborar solucións razoadas ante problemas xeométricos no campo da técnica e a Arte.*
- *A Normalización como código de comunicación universal.*
- *Coñecer e respecta-las normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.*
- *Realización de debuxos a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais da forma, orientación, proporción, detalles, medida, cubicación espacial, etc.*
- *Uso e destreza do material Técnico para a realización e presentación do traballo final no D.T.*
- *Acadar un coñecemento básico da representación tridimensional dende os aspectos de representación Diédrica, ata os conceptos axonométricos e cónicos.*
- *Uso das novas tecnoloxías na concepción e realización do mesmo.*
- *Acadar unha estratexia que permita superar as proas de selectividade.*

**SECUENCIA DE CONTIDOS****BLOQUE I : XEOMETRÍA PLANA****I.1.- Trazados fundamentais****A) OBXECTIVOS:**

- *Recoñecer a importancia da linguaxe gráfica o longo da historia.*
- *Comprender o debuxo técnico como linguaxe universal normalizada.*
- *Aprender o uso correcto dos materiais e útiles de debuxo.*
- *Comprender as linguaxes básicas da xeometría.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Recuados, caxetin, tipos de liña.*
- 2) *Lugares xeométricos: Mediatriz, bisectriz, arco capaz.*
- 3) *Tipos de ángulos: interiores e exteriores da circunferencia, relacións de medidas.*
- 4) *Rectificación da circunferencia: cuadrante, semicircunferencia, circunferencia.*

**I.2.- Proporcionalidade e equivalencias.Potencia.Centro e eixe radical****A) OBXECTIVOS:**

- *Entender a proporcionalidade para relacionar formas simples e complexas.*
- *O número aureo.*
- *Relación de formas poligonais nas súas superficies.*
- *As relacións de potencia como lugares xeométricos.*

## **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS**

- 1) *Teorema de Tales e as súas aplicacións.*
- 2) *Cuarta e terceira proporcional entre segmentos.*
- 3) *Media proporcional: Teorema do triángulo rectángulo.*
- 4) *Equivalencias entre figuras.*
- 5) *Potencia. Centro e eixo radical.*

### **I.3.- Polígonos**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Razoamento sobre a regularidade dos planos e os seus métodos de construción.*
- *Configuracións internas dos polígonos.*
- *Recoñecemento das formas regulares como confección de espazos particulares.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Regulares e irregulares.*
- 2) *Clasificación de triángulos. Construción de triángulos dados os seus lados os seus ángulos. Puntos e liñas notables dos triángulos.*
- 3) *Construcións e clasificación de cuadriláteros.*
- 4) *División da circunferencia, construcións dos polígonos regulares resultantes. Construcións de polígonos regulares partindo do lado.*

### **I.4.- Transformacións xeométricas**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender nas transformacións vehículos de axuda para interpretar e cambiar as estruturas no plano xeométrico.*
- *Acadar unha aproximación sobre o feito proxectivo.*
- *Experimentar no tamaño e posición a xeración de espazos novos.*
- *Saber analizar os distintos aspectos sensoriais e de construción que xeneraran as homoloxías, afinidade e inversión.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Homoloxía, centro e eixo de homoloxía. Datos dunha homoloxía. Rectas límite particularidades.*
- 2) *Afinidade. Fundamentos.*
- 3) *Polaridade e inversión.*

### **I.5.- Tanxencias**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender as relacións de posición entre rectas e circunferencias.*
- *Entender as relacións de posición entre circunferencias.*
- *A perpendicularidade como concepto de enlace entre as relacións das rectas e circunferencias.*
- *Construcción de formas de realización tanxencial.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Tanxencia entre rectas e curvas. Casos.*
- 2) *Tanxencias entre curvas.*
- 3) *Enlaces e arcos constructivos.*

### **I.6.- Curvas técnicas**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Observar na utilización das tanxencias os aspectos especiais de curvas pechadas.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Coñecemento da construción de óvalos.*
- 2) *Coñecemento na construción do ovoide.*
- 3) *A espiral e os diferentes recorridos tanxenciais.*

### **I.7.- Curvas cónicas**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender a diferenza entre cónicas e curvas técnica.*
- *Entender a explicación da procedencia da súa xeración.*
- *Entender a súa importancia en diversas aplicacións.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Elipse: definición a súa diferenza co ovalo. Construcción por puntos e a partir dos eixes. Construcción por feixes proxectivos.*
- 2) *Hipérbola: Definición, a súa construción por puntos a partir dos eixes.*
- 3) *Parábola: definición e construción a partir da directriz e o foco ou o seu vértice.*

## **BLOQUE II : XEOMETRÍA DESCRIPTIVA. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN**

### **II.1.- Sistema Diédrico**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Fundamentos do sistema.*
- *Comprender a representación posicional de puntos rectas e planos.*
- *Entender os conceptos de intersección, paralelismo e perpendicularidade.*
- *Verdadeiras dimensión das superficies e o modo de representalas no plano.*
- *Entender a intersección e incidencias entre planos e rectas nas figuras.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamento da proxección diédrica: planos de representación.*
- 2) *Nocións de raio proxectivo. Representación do punto recta e plano.*
- 3) *Posicións: paralelismo, perpendicularidade, intersección.*
- 4) *Verdadeiras dimensións. Distancias, xiros, cambios de plano e abatements.*
- 5) *Poliedros elementais, representación, verdadeiras dimensións.*
- 6) *Prismas, conos, cilindros e esferas.*
- 7) *Desenvolvementos.*

### **II.2.- Sistema Axonométrico**

#### **A)-OBXECTIVOS:**

- *Entender os fundamentos básicos do sistema.*
- *Aprender a representar formas xeométricas.*
- *Buscar a mellor representación dentro das variantes: cabaleira e militar.*
- *Valorar os ámbitos de aplicación.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamento da proxección axonométrica: planos de representación.*
- 2) *Tipos de axonometría. Casos particulares: Cabaleira, militar.*
- 3) *Representación da recta e plano comparativamente cos tipos de axonometría. Posicións: paralelismo, perpendicularidade, oblicuidade. Coeficientes de redución.*
- 4) *En relación cos conceptos anteriores representación de sólidos.*

### **II.3.- Sistema Acotado**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Entender os fundamentos básicos do sistema.*
- *Aprender a representar formas xeométricas sinxelas.*
- *Determinar as inclinacións de diversos planos.*
- *Valorar os ámbitos de aplicación.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamento da proxección acoutada.*
- 2) *Representación do punto, recta e plano.*
- 3) *Representación da recta e plano como resultantes das intersección.*
- 4) *Representación de sólidos e as súas interseccións.*

**II.4.- Sistema Cónico**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Entender os fundamentos básicos do sistema.*
- *Aprender a representar formas xeométricas simples.*
- *Buscar a mellor representación dentro das variantes: central e oblicua.*
- *Valorar os ámbitos de aplicación.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamento da proxección cónica: planos de representación.*
- 2) *Tipos de cónica. Frontal e oblicua.*
- 3) *Métodos de Monge, dos puntos métricos e do abatemento.*

**BLOQUE III : NORMALIZACIÓN. CROQUIZACIÓN. NOVAS TECNOLOXÍAS**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Recoñecer a importancia e necesidade da normalización no debuxo técnico.*
- *Saber buscar unha norma.*
- *Valorar o uso da norma como medio de comunicación.*
- *Saber utilizar os programas informáticos para as realizacións finais dos traballos.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamentos da normalización, xeración e organismos de clasificación.*
- 2) *Formatos, acotación (debuxo industrial, de arquitectura e construción).*
- 3) *Novas tecnoloxías.*

**TEMPORALIZACIÓN**

**BLOQUE I : XEOMETRÍA PLANA.....**  
 ..... 2ª Avaliación

**BLOQUE II : XEOMETRÍA DESCRIPTIVA. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN.....**  
 (agas Axonometría e Cónica)..... 1ª Avaliación

**BLOQUE III : NORMALIZACIÓN. CROQUIZACIÓN. NOVAS TECNOLOXÍAS.....**  
 (mais Axonometría e Cónica)..... 3ª Avaliación

<b>CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN</b>
--

- Resolver problemas xeométricos valorando o método e o razoamento das construcións, o seu acabado e presentación. Coa aplicación deste criterio preténdese saber o nivel alcanzado no coñecemento e dominio dos trazados xeométricos no plano e a súa aplicación práctica na construción de triángulos, cuadriláteros e polígonos en xeral e construción de figuras semellantes, equivalentes, homólogas ou afíns a outras dadas.
- Executar debuxos técnicos a distinta escala, utilizando a escala establecida previamente e as escalas normalizadas. Trátase de valorar a capacidade para aplicar na práctica os conceptos relativos ás escalas así como o traballo con distintas escalas gráficas na execución ou reprodución de debuxos técnicos. Valorarase igualmente a destreza e a precisión.
- Resolver problemas de tanxencias de xeito illado ou inseridos na definición dunha forma, xa sexa esta de carácter industrial ou arquitectónico. A través deste criterio valorarase, tanto o coñecemento teórico como a súa aplicación práctica na definición de formas constituídas por enlaces. Valorarase especialmente o proceso seguido na súa resolución e a precisión na obtención dos puntos de tanxencia.
- Resolver problemas xeométricos relativos ás curvas cónicas en que interveñan elementos principais destas, interseccións con rectas ou rectas tanxentes. Trazar curvas técnicas a partir da súa definición. Este criterio permitirá coñecer o grao de comprensión adquirido das propiedades e características das curvas cónicas e técnicas, para poderlas definir gráficamente a partir de distintos supostos. Valorarase ademais do proceso seguido na resolución do problema, a exactitude e precisión na definición das curvas ou dos puntos de intersección ou tanxencia.
- Utilizar o sistema diédrico para resolver problemas de posicionamento de puntos, rectas, figuras planas e corpos, e as relacións que establecen entre elas no espazo. A intención deste criterio é valorar o nivel acadado polo alumnado na comprensión do sistema diédrico e na utilización dos métodos da xeometría descritiva para representar formas planas ou corpos e as súas relacións.
- Realizar a perspectiva dun obxecto definido polas súas vistas ou seccións e viceversa, executadas a man alzada e/ou delineadas. Preténdese avaliar con este criterio a visión espacial desenvolta e a capacidade de comprender e relacionar os distintos sistemas de representación estudados, ademais de valorar as habilidades e destrezas adquiridas no manexo dos instrumentos e no trazado a man alzada.
- Definir graficamente pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando correctamente as normas referidas a vistas, cortes, seccións, roturas e anotación. Establécese este criterio para avaliar en que medida o alumnado é capaz de elaborar os planos técnicos necesarios para describir e/ou fabricar un obxecto ou elemento, de acordo coas normas establecidas no debuxo técnico.
- Empregar o sistema de planos acoutados, xa sexa para resolver problemas de interseccións, xa para obter o perfil dun terreo a partir das súas curvas de nivel. Mediante a aplicación deste criterio, avaliarase o nivel de coñecemento do sistema de planos acoutados para utilízalos na resolución de casos prácticos. Así mesmo, a utilización de escalas permitirá igualmente, coñecer o nivel de integración dos coñecementos que se van adquirindo.
- Culminar os traballos de debuxo técnico, utilizando os diferentes recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan ao obxectivo para os que foron realizados. Con este criterio quérese valorar a capacidade para dar distintos tratamentos ou aplicar diferentes recursos gráficos ou ata informáticos, en función do tipo de debuxo que se vai realizar e das distintas finalidades deste. Este criterio deberá integrarse no resto de criterios de avaliación na medida que lles afecte.

### **CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES**

- *O alumno/a entenderá para a súa aplicación: ángulos, proporcionalidade, escalas, construcións poligonais elementais, e tanxencias.*
- *Os/as alumnos/as deberán recoñecer nas transformacións xeométricas elementos de relación para solucionar exercicios propostos.*
- *As/os alumnas/os deberán saber reflectir o espacio circundante dende a proxección no sistema diédrico.*
- *As/os alumnas/os deberán saber reflectir o espacio circundante dende a proxección no sistema axonométrico.*
- *As/os alumnas/os deberán saber reflectir o espacio circundante dende a proxección no sistema cónico.*
- *Os/as alumnos/as presentaran de modo Normalizado os traballos.*
- *Para ser avaliados convenientemente os/as alumnos/as farán entrega de todo o traballo solicitado tanto nas avaliacións como na Final.*



Debuxo Artístico  
**1º-2º BAC**

**INTRODUCCIÓN**

A presenza desta materia ó longo de dous cursos da Modalidade de Artes ten como finalidade básica, no primeiro lugar, o desenvolvemento da agudeza perceptiva do alumnado a través da intelectualización do percibido visualmente. No segundo lugar, e de forma complementaria, a materia proporcionará ó alumnado os recursos necesarios para que desenvolvan a capacidade comunicativa e expresiva das súas interpretacións icónicas. O coñecemento e o análise obxectivo da realidade perceptiva, o “aprender a ver”, ha de constituir a base para o debuxo analítico e a descrición formal e obxectiva, que preparan ó alumnado a traducir estados emocionais, sentimentos ou ideas á representación bidimensional, dotando a súa autoexpresión de consistencia estilística e formal.

Á potenciación da percepción visual a través da observación, descrición e estudio da gramática das formas, añádese o uso dos materiais, instrumentos e técnicas de representación gráfico-plásticas que faciliten ó alumnado a expresión do seu pensamento visual e da súa sensibilidade.

No desenvolvemento da materia distínguense claramente dúas vertentes: a analítica e a subxetiva, que se atopan recollidas de forma gradual ó longo dos dous cursos.

No Debuxo Artístico I, préstase atención prioritaria ó vocabulario dos elementos básicos constitutivos da forma e ás articulacións e organizacións elementais no espacio dunha forma obxetiva, evitando as intencións expresivas de carácter subxectivo.

No Debuxo Artístico II profundízase no estudio das relacións estruturais máis dinámicas, interpretando as formas desde distintas intencións comunicativas, exercitando o correcto uso dos instrumentos e materiais e considerando con maior énfase a incidencia de variables espaciais e lumínicas.

Esta materia contribuirá a que ó alumnado desenvolva coñecementos e destrezas útiles en moitas opcións profesionais ou na continuación de estudos que requiran capacidades de representación gráfica e de expresividade plástica.

**OBXECTIVOS XERAIS**

- Coñecer e distinguir os elementos conceptuais e estruturais básicos da forma.
- Utilizar os datos visuais de forma obxectiva e con sentido integrador, entendendoos como elementos vinculados ó conxunto e valorando a súa importancia relativa respecto á configuración e a expresividade global da imaxe.
- Adquirir unha visión analítica do entorno que posibilite a representación de formas naturais e artificiais, ca intención descritiva obxectiva e de xeito mecánico.
- Comprender e analizar a realidade formal dos obxectos ca referencia a súa organización estrutural, implícita e explícita, e a súas representacións espaciais.
- A partir da análise, interpretar as formas dende diversas intencións visuais, cos recursos técnicos distintos e realizando modificacións combinatorias diverxentes.
- Interesarse pola observación e o estudo directo das formas do entorno, comprendendo a súa importancia como fonte de coñecemento e de riqueza de datos que aportan a reflexión sobre as posibilidades expresivas.
- Empregar os mecanismos de percepción relacionados cas imaxes plásticas para desenvolver a memoria visual e retentiva.

- *Distinguir a riqueza de posibilidades expresivas que conteñen potencialmente os diversos materiais, procedementos e técnicas de representación, servíndose deles para enriquecer as intencións expresivas, e apreciando a súa utilización axeitada a finalidade pretendida.*
- *Aplicar á análise e valoración do traballo plástico de autores galegos e non galegos os coñecementos adquiridos apreciando a influencia do entorno na adquisición dunha personalidade artística concreta.*
- *Interese por coñecer a obra dos artistas galegos máis representativos, valorando o feito patrimonial e histórico como reflexión persoal.*

## **METODOLOXÍA DIDACTICA**

*A materia de Debuxo Artístico I-II pretende, como obxectivo principal, o uso do debuxo como linguaxe gráfico intelectualizado que permite ó ser humano canalizar e transmitir mensaxes de moi diversa natureza e contido, favorecendo e desenvolvendo a sensibilidade persoal a través da expresión artística.*

*No contexto do Bacharelato de Artes esta materia pousee unha importancia relevante ó estar presente nos dous cursos.*

*A relación entre os contidos conceptuais e os procedementais desta materia marca unha liña metodolóxica activa, investigadora e participativa, que desenrola no alumnado as súas capacidades expresivas a través do emprego e utilización dos recursos do debuxo.*

*Propónse como estratexia didáctica unha evolución progresiva no proceso de realización das actividades, de modo que permita ó alumnado, autonomamente, descubrir os resultados dos coñecementos atopados con a práctica investigativa, reflexionando e analizando cada unha das actividades.*

*En relación coas características da materia suxírense distintas metodoloxías que pode empregar o profesor na acción didáctica:*

- *Metodoloxía activa: o alumnado accede ós coñecementos mediante unha experiencia persoal.*
- *Metodoloxía participantea: o alumnado fácese partícipe das decisións relativas ó establecemento dos tempos e os prazos para á realización de algunha das actividades propostas.*
- *Metodoloxía investigativa: se potencia no alumnado a observación e a experimentación reflexiva como base de acceso á consecución de coñecementos e destrezas, facendo uso de criterios analíticos para extraer conclusións sobre o aprendido.*
- *Metodoloxía interdisciplinar: interrelaciónanse materias de distintas materias subordinando a planificación das mesmas á estrutura e secuencia do aprendizaxe, ó tratamento dos mesmos temas con diversos enfoques e colaborando en proxectos puntuais.*

# Debuxo Artístico I

# **1º BAC**

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### BLOQUE I : A FORMA

#### I.1.- A Percepción visual

##### A) OBXECTIVOS:

- *Coñecer e analizar os principios e leis da Gestalt.*
- *Coñecer as teorías básicas sobre a percepción.*
- *Detectar estes principios na realidade próxima.*
- *Aplicar practicamente os principios e teorías da percepción.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Teoría da percepción. A GESTALT.*
- 2) *Estratexias prácticas. Teoría sobre o hemisferio dereito do cerebro.*
- 3) *Ilusións ópticas (bidimensión-tridimensión).*

#### I.2.- Elementos da configuración da forma

##### A) OBXETIVOS:

- *Coñecer os elementos que configuran a forma.*
- *Analizar os elementos morfolóxicos da linguaxe gráfica.*
- *Aprender a describir graficamente a forma.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Elementos Estruturais:*
  - 1.a)- *Elementos conceptuais: Punto, liña e plano.*
  - 1.b)- *Elementos visuais: Forma, medida, color e textura.*
  - 1.c)- *Elementos de relación: Dirección, proporción, espazo e gravidade.*
  - 1.d)- *Elementos prácticos: Representación, significación e función.*
- 2) *Percepción da forma e o espazo.*
  - 2.a)- *Liña de contorno.*
  - 2.b)- *Gradientes.*
  - 2.c)- *Traslapo.*
  - 2.d)- *Transparencia.*
  - 2.e)- *Espazo.*
  - 2.f)- *Tamaño.*
  - 2.g)- *Enfoque, desenfoque.*
  - 2.h)- *O marco como espazo continuo.*
- 3) *Estrutura da forma xeométrica.*
  - 3.a)- *Prismas.*
  - 3.b)- *Cilindros.*
  - 3.c)- *Conos.*
  - 3.d)- *Esferas.*
  - 3.e)- *Poliedros.*

## **BLOQUE II : A COMPOSICIÓN. SINTAXE ESTRUCTURAL**

### **I.1.-Principios compositivos**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Comprender a importancia da organización espacial das formas nas linguaxes gráfico-plásticas.*
- *Comprobar a aplicación dos principios compositivos nas obras de arte, preferentemente galegas.*
- *Análise dos aspectos estéticos e psicolóxicos das formas na composición.*
- *Aplicar os principios e normas compositivas na creación persoal.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Leis e principios.*
- 2) *As formas e a súas relacións:*
  - *Equilibrio.*
  - *Tensión.*
  - *Nivelación.*
  - *Atracción e agrupamento.*
- 3) *A forma e o seu entorno.*
- 4) *Relación fondo- forma.*

## **BLOQUE III : A REPRESENTACIÓN**

### **I.1.- Procesos, recursos e materiais de debuxo**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Distinguir os distintos recursos gráfico-plásticos.*
- *Usar estes para o desenvolvemento das habilidades expresivas.*
- *Relacionar os recursos de representación cas intencións expresivas da mensaxe gráfico-plástica.*
- *Experimentar e comprobar a incidencia dos recursos na comunicación gráfica.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Procesos, recursos e materiais de debuxo.*  
*O estudio e a práctica dos recursos e materiais de debuxo será simultáneo cas técnicas que o/a alumno/a utilice en cada procedemento proposto o longo do curso. Aqueles que non fosen experimentados dedicaráselles tempo na última avaliación.*

**TEMPORALIZACIÓN**

<b>BLOQUE I</b> .....	1ª, 2ª Avaluación
<b>BLOQUE II</b> .....	2ª, 3ª Avaluación
<b>BLOQUE III</b> .....	1ª, 2ª, 3ª Avaluación

**CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN**

- *Utilizar adecuadamente a terminoloxía específica dos distintos contidos da materia e utilizar correctamente os procedementos e materiais propostos. Valorarase a capacidade de seleccionar, relacionar e empregar a terminoloxía e os diversos materiais, adecuándoos á consecución do obxectivo plástico desexado.*
- *Descrivir graficamente as formas, prestando especial atención ás súas organizacións estruturais. Este criterio valora o desenvolvemento da capacidade cognitiva e dedutiva, baseada na observación da estrutura das formas, e o grao de destreza obtido na consecución da representación dun obxecto con coherencia tanto formal como cromática. O alumnado ten que reflectir a pluralidade formal existente na natureza de xeito claro e estruturado.*
- *Descrivir graficamente obxectos do contorno, distinguindo neles elementos básicos da configuración da súa forma. Este criterio pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade de observación, análise, reflexión e destreza para valorar a capacidade de estudo e expresión gráfica da información visual que recibimos.*
- *Representar con intención descritiva e mediante o uso da liña formas tridimensionais sobre o plano, con atención á proporción e ás deformacións perspectivas sinxelas. Búscase con este criterio valorar a capacidade de analizar a forma a través da liña, describindoa graficamente e utilizando as bases da perspectiva intuitiva con maior ou menor detalle.*
- *Analizar a influencia da luz sobre obxectos de marcado carácter volumétrico por medio de liña e mancha e representalos tendo en conta os distintos valores tonais. Neste criterio valórase a grao de consecución do gradiente que modele as superficies representadas desde o punto de vista lumínico, cromático e textural. Para conseguir este fin demostrárase tanto o coñecemento como a correcta utilización dos medios plásticos necesarios e máis adecuados.*
- *Demostrar e aplicar o coñecemento das leis básicas da percepción visual. Con este criterio trátase de valorar a capacidade do alumnado para plasmar nun espazo gráfico bidimensional unha composición de lectura correcta e plasticamente expresiva, froito do coñecemento das leis de percepción visual.*
- *Demostrar o coñecemento dos fundamentos da teoría da cor, as súas dimensións e o seu comportamento e expresividade, a través de modelos propostos baixo diferentes condicións lumínicas. Este criterio permite avaliar o grao de coñecemento adquirido sobre teoría da cor. Así mesmo, valorarase a comprensión e asimilación destes coñecementos para a súa aplicación práctica con fins expresivos.*

## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### BLOQUE I

- *Utilizar a terminoloxía mínima específica, os materiais e os procedementos correspondentes ós contidos do Bloque.*
- *Detectar os principios da Gestalt na realidade próxima e apicalos de xeito práctico.*
- *Analizar nun cadro os elementos estruturais existentes no mesmo.*
- *Comprender o concepto de encaixe e representar formas atendendo a súa xeometría.*
- *Representar formas sinxelas (xeométricas e naturais) a través do claroscuro conseguindo o aspecto volumétrico das mesmas.*
- *Entregar todos os traballos propostos cun bo grado de acabado e limpeza e presentar todos eles nos prazos propostos polo/a profesor/a.*
- *Participar nos traballos en grupo propostos.*

### BLOQUE II

- *Utilizar a terminoloxía mínima específica, os materiais e os procedementos correspondentes ós contidos do Bloque.*
- *Coñecer e utilizar nas súas creacións os distintos principios compositivos.*
- *Representar de maneira sinxela a forma dentro dunha entoación cromática.*
- *Entregar todos os traballos propostos cun bo grado de acabado e limpeza e presentar todos eles nos prazos propostos polo/a profesor/a.*
- *Participar nos traballos en grupo propostos.*

### BLOQUE III

- *Utilizar a terminoloxía mínima específica, os materiais e os procedementos correspondentes ós contidos do Bloque.*
- *Debuxar de memoria formas sinxelas.*
- *Representar o espazo e as formas a través da luz e da cor.*
- *Entregar todos os traballos propostos cun bo grado de acabado e limpeza e presentar todos eles nos prazos propostos polo/a profesor/a.*
- *Participar nos traballos en grupo propostos.*



# Debuxo Artístico II

# **2º BAC**

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### BLOQUE I : A FORMA

#### I.1.- Elementos de configuración da forma

##### A) OBXECTIVOS:

- *Coñecer os elementos que configuran a forma.*
- *Analizar os elementos morfolóxicos da linguaxe gráfica.*
- *Comprender a diversidade significativa do punto, liña e o plano.*
- *Comprobar a relación entre xestualismo e expresión, utilizando o punto, a liña e o plano.*
- *Adquirir destrezas no uso dos distintos materiais e ferramentas do debuxo.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Estrutura xeométrica da forma.*
  - 1.a)- *Prismas.*
  - 1.b)- *Cilindros.*
  - 1.c)- *Conos.*
  - 1.d)- *Esferas.*

*Xustaposicións das formas a representar.*
- 2) *Elementos estruturais e valores expresivos da forma.*
  - 2.a)- *Elementos conceptuais.*
  - 2.b)- *Elementos visuais.*
  - 2.c)- *Elementos de relación.*
  - 2.d)- *Elementos prácticos.*

*Tódolos conceptos se fundamentarán nas teorías de W.Wong.*
- 3) *Percepción e representación da forma.*
  - 3.a)- *Grafismo.*
  - 3.b)- *Claroescuro.*
  - 3.c)- *Liña de contorno.*
  - 3.d)- *Liña obxectual.*
  - 3.e)- *Liña tonal.*
  - 3.f)- *Gradientes (gradiacións tonais).*
  - 3.g)- *Traslapo.*
  - 3.h)- *Transparencia.*
  - 3.i)- *Espazo.*
  - 3.j)- *Tamaño.*
  - 3.k)- *Enfoque- desenfoque.*
  - 3.l)- *Marco como espazo continuo.*
  - 3.m)- *Texturas.*
  - 3.n)- *Valoracións.*

- 4) *Transformacións da imaxe.*
  - 4.a)- *Interrelación.*
  - 4.b)- *Simplificación (síntese).*
  - 4.c)- *Fragmentación.*
  - 4.d)- *Cambio de significado.*
  - 4.e)- *Cambio de cor.*
  - 4.f)- *Cambio de textura.*
  - 4.g)- *Cambio de perspectiva.*
  - 4.h)- *Cambio de valoración.*
  - 4.i)- *Desprazamento.*
  - 4.j)- *Abstracción.*
  - 4.k)- *Redeseño.*

<b>BLOQUE II : A COMPOSICIÓN. SÍNTAXE DOS ELEMENTOS</b>
---

**II.1.- A composición. Sintaxe dos elementos****A) OBXECTIVOS:**

- *Identificar os ritmos compositivos, os equilibrios e a expresividade das diversas composicións.*
- *Desenvolver a memoria visual e a retentiva.*
- *Describir a estrutura formal da figura humana e as súas posibilidades expresivas estáticas e dinámicas.*
- *Transmitir unha mensaxe visual por medio das relacións de analoxía-contraste formal e do colorido empregado.*
- *Analizar as formas espaciais de maneira que poidan ser comprendidas na súa totalidade en calquera posición.*
- *Empregar as leis fundamentais da composición de formas compostas e das unidades de conxunto.*
- *Identificar con claridade o significado óptico de aberto ou pechado nas composicións.*
- *Definir qué é un ritmo compositivo a través das estruturas da composición.*
- *Diferenciar con claridade as formas estáticas das dinámicas.*
- *Interesarse pola importancia da composición nas obras de arte.*
- *Seleccionar e aplicar os recursos compositivos adecuados ás intencións expresivas.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A composición. Recursos da linguaxe visual no espacio compositivo.*
- 2) *Organización do campo visual: composición aberta e pechada.*
- 3) *As formas tridimensionais no espacio e a súa interacción.*
- 4) *Recursos da linguaxe visual:*
  - *Contraste-armonía.*
  - *Inestabilidade-estabilidade.*
  - *Asimetría-simetría.*
  - *Fragmentación-unidade.*
  - *Distorsión-realismo.*
  - *Irregularidade-regularidade.*
  - *Complexidade-simplicidade.*
  - *Exageración-reticencia....*

## **BLOQUE III : A REPRESENTACIÓN**

### **III.1.- Imaxe e realidade. A representación**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Adquirir destrezas de análise estrutural dos obxectos para a súa representación.*
- *Coñecer e aplicar símbolos e signos con fines artísticos.*
- *Mostrarse sensible á diversidade expresiva.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Imaxe e realidade.*
- 2) *A representación.*
- 3) *Simbolismo.*
- 4) *Sistemas de símbolos codificados en distintas culturas e movementos artísticos.*
- 5) *A abstracción.*
- 6) *Grados de iconicidade.*

### **III.2.- Técnicas expresivas. Recursos e medios**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e experimentar os distintos conceptos de debuxo según a súa función.*
- *Apreciar e analizar a diversidade estilística no debuxo.*
- *Aplicar os distintos recursos do debuxo na obra persoal.*
- *Experimentar e investigar as posibilidades gráficas de materiais non convencionais.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Evolución dos procedementos:*  
*Historia dos materiais de debuxo.*  
*Tipos de debuxos: Esbozo, estudio, croquis, proxecto...*
- 2) *Comparación estilística de distintas escolas e tendencias.*
- 3) *Utilización dos distintos recursos por artistas actuais e tradicionais.*

### **III.3.- Debuxo rápido. Debuxo de movemento. Debuxo de memoria**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Empregar os mecanismos de percepción relacionados coas imaxes plásticas para desenrolar a memoria visual e retentiva.*
- *Adquirir hábitos ordenados de análise visual.*
- *Valorar a selección e descrición dos datos formais que confiren o interese visual dos obxectos.*

- Ser capaces de seleccionar e aillar nos debuxos rápidos elementos que confiren ó obxecto o seu carácter particular e definitorio, utilizando a liña ou a mancha de cor como único recurso plástico (debuxo de retentiva).
- Ser capaces de debuxar figuras en movemento nos que se atenda primordialmente á expresividade dinámica pero deixando patente sempre en eles ás características particulares e definitorias das formas.

## B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) Exercicios de retentiva: uso da liña e mancha cromática.
- 2) Sínteses interpretativa, aspectos básicos das formas memorizadas.
- 3) Estudos gráficos das figuras en movemento: expresividade dinámica.

## TEMPORALIZACIÓN

BLOQUE I.....	1ª AVALIACIÓN
BLOQUE II.....	2ª AVALIACIÓN
BLOQUE III.....	3ª AVALIACIÓN

## CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN

- Saber interpretar unha mesma forma ou obxecto en diversos niveis icónicos en función das distintas intencións comunicativas utilizando correctamente a terminoloxía específica, materiais e procedementos correspondentes. Con este criterio preténdese valorar a capacidade de percibir visualmente as formas e representalas axustándoas ao carácter e á finalidade comunicativa pretendida, así como a elección e aplicación adecuada da técnica e dos materiais seleccionados.
- Realizar debuxos descritivos de formas naturais e saber modificalas posteriormente segundo a súa intención comunicativa. Con este criterio valorarase a captación dos aspectos esenciais de formas naturais e as súas partes máis representativas e a súa posterior modificación formal en función das distintas intencións comunicativas.
- Representar graficamente as diferentes aparencias dun obxecto tendo en conta a súa orientación respecto do punto de vista da persoa observadora. Mediante este criterio valorarase a capacidade para debuxar os cambios de aparencia dunha forma atendendo aos puntos de vista habituais e non habituais.
- Representar graficamente conxuntos de volumes xeométricos ou doutra natureza, aplicando os coñecementos de proporción e deformacións perspectivas. Preténdese valorar con este criterio o desenvolvemento da capacidade de representar as proporcións relativas dos volumes e os efectos provocados pola posición dos mesmos no espazo.
- Describir graficamente, de forma lineal, clara e explicativa, o esencial de formas retidas na memoria despois de ser observadas brevemente. Trátase de avaliar con este criterio o desenvolvemento da capacidade de memorización e retentiva visual e a representación sintética das formas observadas.
- Debuxar a figura humana atendendo principalmente á relación de proporcións e á expresividade do movemento. Trátase de avaliar con este criterio os coñecementos básicos de anatomía humana, as proporcións entre as distintas partes que a compoñen, a súa posición e a súa relación co espazo.

- Representar graficamente o contorno máis próximo co fin de expresar termos espaciais e efectos perspectivivos de profundidade, así como a valoración de proporcións e contrastes lumínicos. Valorarase con este criterio a elección intencionada e selectiva dos datos formais que expresen gráficamente as formas e o espazo dos contornos elixidos, superando o rigor e exactitude dos sistemas de representación técnicos.
- Coñecer e apreciar a evolución da interpretación das formas nas vangardas artísticas do século XX. Con este criterio preténdese sensibilizar o alumnado na valoración e actuación crítica ante as diferentes expresións artísticas producidas durante o século pasado.
- A profesora da materia Ana Fuertes Besada fai constar o seguinte criterio:
  - Valoración do coñecemento teórico das distintas unidades para sua posterior expresión escrita, non soamente dun xeito plástico.
 En xeral, o criterio de cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso seguirá a porcentaxe indicada:
  - Avaliación Inicial: sen porcentaxe pois trátase de detectar os coñecementos previos do alumnado ao inicio de cada curso.
  - Avaliación procesual: o control na evolución do alumno/a na aprendizaxe, actitude de traballo na clase, nº de producciones, etc. valorarase o 20%.
  - Avaliación final: a calificación obtida nos exames valorarase o 80%, xeralmente un práctico co 60% e outro teórico co 20%.

## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### BLOQUE I

- Utilizar a terminoloxía específica mínima, os materiais e os procedementos correspondentes ós contidos do Bloque.
- Facer composicións con elementos xeométricos simples aplicando o claroscuro.
- Debuxar con técnica de claroscuro composicións orgánicas.
- Investigar e saber analizar as diferentes técnicas nas que se empregan o punto, a liña e o plano.
- Reproducir de diferentes maneira unha mesma imaxe empregando o punto e a liña, cambiando a súa expresión.
- Saber realizar un debuxo artístico empregando planos tonais.
- Saber debuxar, a partir dun modelo sinxelo, a estrutura xeométrica xeral do mesmo.
- Entregar un álbum de debuxo no que se recollan os traballos realizados ó longo do curso e un bloc de bocetos (común a todos os bloques).
- Entregar os traballos propostos cun bo grado de acabado (común a todos os bloques).
- Participar nos traballos en grupo propostos (común a todos os bloques).

### BLOQUE II

- Saber realizar abstraccións descompoñendo unha imaxe.
- Saber realizar un espacio real en perspectiva cónica.
- Realizar unha composición espacial imaxinaria.

### BLOQUE III

- Coñecer e analizar ás diferentes representacións dun mesmo tema a través da Historia do Arte.
- Aplicar as distintas técnicas do debuxo.
- Realizar debuxos de memoria a partir da observación dun modelo ou obxecto do entorno.

## **METODOLOXÍA DIDACTICA ESPECÍFICA**

*Habitualmente, a exposición oral baseada na utilización das TICs será o que encabece cada tema. Outras veces, será a mesma proposta do exercicio – claramente exposta no encerado cos obxectivos a acadar – o primeiro a facer, para logo analizar o conseguido e facer fincapé nos logros e erros mediante a exposición dos traballos nos paneis dispostos para elo.*

*En xeral, cada avaliación constará duns apuntes teóricos susceptibles de ser avaliados por escrito ou oralmente, sendo este exame o 20% da nota. O exame práctico, é onde o alumnado demostrará a súa preparación dende o esforzo acadado durante as sesións de traballo diario – catro sesións á semana – cun valor do 60% ou 80% da nota, dependendo de se realizase o teórico ou non. E, por último, o 20% restante o constituirá os traballos realizados na clase e os encargos para casa, onde valorarase a evolución e madurez do traballo, o número de producións e a entrega no tempo proposto, tendo que estar dispostos a revisión en calquera momento na carpeta da clase.*

*O alumnado faise partícipe das decisións relativas ó establecemento dos prazos para realizar e entregar os traballos polo que debe asumir dita responsabilidade.*

*Ao final do curso farase media coas cualificacións das tres avaliacións. Non se farán recuperacións das avaliacións. Os alumnos con perda de avaliación continua farán o exame proposto por lei para elo.*

Volume  
**1º BAC**



## INTRODUCCIÓN

*Esta materia ocúpase do estudio específico da linguaxe tridimensional no ámbito da expresión artística.*

*A súa finalidade é a de iniciar ó alumnado no estudio, comprensión, e realización das manifestacións plásticas de carácter tridimensional, e na súa comunicación a través das diversas técnicas e medios expresivos de análise e de síntese das imaxes, de valoración e de crítica da linguaxe plástica tridimensional e das súas máis variadas manifestacións.*

*Os contidos procedimentais permitirán o contacto do alumnado coa plasticidade dos materiais. Os contidos conceptuais permitirán o alumnado a desenvolver o pensamento tanto visual como a linguaxe icónica, logrando un proceso perceptivo coherente para manter unha comunicación áxil co medio.*

*Os contidos seleccionados para esta etapa contribúen a coñecer como se xeran os obxectos, desde a forma en sí ata a resolución efectiva nun material concreto, utilizando as técnicas específicas e apropiadas.*

*Esta materia contribúe a desenvolver a capacidade creadora na área tridimensional e a desenvolver a sensibilidade cara tódalas manifestacións, artísticas ou non, da linguaxe tridimensional.*

*Deberá dotarse ó alumnado dos coñecementos técnicos necesarios que lle permitan a análise da forma tridimensional e das súas aplicacións máis significativas no ámbito industrial e artístico.*

## OBXECTIVOS

- *Coñecer e comprender a linguaxe tridimensional asimilando os procedementos artísticos básicos aplicados á creación de obras e obxectos de carácter volumétrico.*
- *Obter certo dominio e axilidade no manexo dos medios básicos de expresión da linguaxe tridimensional.*
- *Coñecer as técnicas e os materiais máis comúns e desenvolver as fases de proxectos sinxelos de carácter tridimensional.*
- *Razoar con espírito analítico e afondar nas estruturas do obxecto e na súa lóxica interna e, mediante un proceso de síntese, chegar á representación do mesmo.*
- *Manter unha postura activa de exploración do contorno.*
- *Entender e apreciar o proceso creativo a través da búsqueda, selección e lectura de textos e imaxes atopadas en obras escultóricas de diferentes movementos artísticos.*
- *Coñecer ás técnicas compositivas relevantes no arte contemporáneo para construír obras plásticas tridimensionais.*
- *Coñecer as obras dos escultores galegos máis representativos.*
- *Chegar a unha interrelación entre o uso correcto dos medios técnicos-artesanais e ó ordenamento configuracional do volume, ritmos e formas para conformar una unidade.*

**SECUENCIA DE CONTIDOS****BLOQUE I : XÉNESE DO VOLUME A PARTIR DUNHA ESTRUCTURA BIDIMENSIONAL****A) OBXECTIVOS:**

- *Ser capaces de elaborar unha estrutura plana, ordenada e rítmica con formas cóncavas e convexas empreando formas xeométricas e orgánicas.*
- *Valorar as posibilidades expresivas que poseen os materiais según o seu tratamento e manipulación.*
- *Valorar as capacidades expresivas que se conseguen coas divisións espaciais e rítmicas.*
- *Analizar a percepción dos elementos básicos do relevo tales como texturas, acabados, distribución de volumes etc.*
- *Coñecer os procedementos para crear volumes no plano.*
- *Valorar e apreciar qué resultados orixinan as diversas incidencias da luz sobre o relevo.*
- *Comprender e aplicar os procesos de abstracción inherentes a toda representación.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A xeometría no plano.*
- 2) *As texturas como medio para conseguir sensacións volumétricas.*
- 3) *Claroescuro para dar sensación de volume no plano.*
- 4) *Utilización de ocos no plano para producir volumes. Deformación de superficies.*
- 5) *Construcción de formas xeométricas corpóreas a partir do seu desenvolvemento no plano.*
- 6) *Calidade expresiva dos materiais: textura, tacto, visión.*
- 7) *A cor como acabado.*

**BLOQUE II : O VOLUME EXENTO. APROXIMACIÓN Á RACIONALIZACIÓN DA FORMA TRIDIMENSIONAL****A) OBXECTIVOS:**

- *Dominar o concepto de módulo tridimensional.*
- *Comprender que o volume pode representarse por unha serie de planos.*
- *Aplicar as visións de análises o de síntesis atendendo tanto ás formas como á expresividade das mesmas.*
- *Empregar dun xeito eficaz os procesos de percepción en relación cas manifestacións tridimensionais do espacio.*
- *Elaborar formas xeométricas aplicando coñecementos de volume exento.*
- *Valorar as interrelacións entre o uso correcto dos medios técnico-artesanais e ó ordenamento configuracional de volumes, ritmos e formas para conformar unha unidade.*
- *Valorar e apreciar qué resultados orixinan, tanto expresivos coma formais, as diversas incidencias da luz sobre as obras tridimensionais.*
- *Ser capaces de visualizar mentalmente unha forma completa.*
- *Comprender que todas as formas xeométricas podense reducir a unha estrutura lineal.*

- *Investigar sobre ás creacións volumétricas de outras culturas e pobos “primitivos” e sobre as influencias dos mesmos nas obras de artistas modernos.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Formas abertas e formas pechadas. Formas cóncavas e convexas.*
- 2) *Técnicas e solucións constructivas.*
- 3) *A forma volumétrica e a súa percepción visual. A multiplicidade de puntos de vista.*
- 4) *A modulación do espacio. Planos seriados:*
  - a) *Gradación: de tamaño repetindo a figura, de figura repetindo o tamaño, de tamaño e de figura.*
  - b) *Variacións de dirección: rotación sobre un eixo vertical, sobre un eixo horizontal e sobre un mesmo plano.*
- 5) *Prisma oco. O prisma básico e as súas variacións: Tratamento dos fillos, das caras e dos extremos. Unión de prismas.*
- 6) *Estructura lineal:*
  - a) *Construcción do volume con líneas.*
  - b) *Compoñentes da estrutura lineal.*
  - c) *Líneas enlazadas no espacio.*

**BLOQUE III : PROXECTACIÓN DE ELEMENTOS TRIDIMENSIONAIS.  
ESTRUCTURAS MORFOLÓXICAS**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Planificar e realizar un proxecto volumétrico atendendo ás diversas fases que o compoñen.*
- *Reflexionar ante os problemas formais creativos e ante a selección dos materiais que se utilizan.*
- *Comprender ós diversos elementos que interveñen na configuración formal dos obxectos así como a súa relación coa función que cumpren.*
- *Recoller e seleccionar as informacións e documentacións mais adecuadas para a realización do proxecto e sabelas utilizar dun xeito persoal.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Análise de obxectos cerámicos.*
- 2) *Creación e deseño de obxectos.*
- 3) *Creación das formas atendendo a súa ubicación, función...*
- 4) *Fases de execución dun proxecto: búsqueda de información, realización de bocetos, prototipos, maquetas, xustificacións finais...*

**TEMPORALIZACIÓN**

BLOQUE I.....	1ª AVALIACIÓN
BLOQUE II.....	2ª AVALIACIÓN
BLOQUE III.....	3ª AVALIACIÓN

**CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN**

- *Entender e saber aplicar os conceptos básicos da linguaxe plástica tridimensional, así como a terminoloxía específica do volume. Con este criterio trátase de avaliar se o alumnado coñece e utiliza axeitadamente o vocabulario propio da materia de xeito oral e escrito.*
- *Utilizar correctamente as técnicas e os materiais básicos na elaboración de composicións tridimensionais, establecendo unha relación lóxica entre a forma, os medios expresivos, as técnicas e os materiais. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade de organizar coherentemente a elaboración de composicións volumétricas e de seleccionar e aplicar axeitadamente os instrumentos, materiais e técnicas e a capacidade de utilizalos como medio expresivo básico dentro da linguaxe tridimensional, resolvendo problemas de configuración espacial desde unha perspectiva lóxica e racional.*
- *Analizar desde o punto de vista formal e funcional obxectos presentes na vida cotiá, identificando e apreciando os aspectos máis notables da súa configuración tridimensional e a relación que se establece entre a súa forma e a súas funcións. Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece e relaciona os elementos que interveñen na configuración formal dos obxectos e na súa funcionalidade e mais se é quen de descubrir a lóxica que guía o seu deseño.*
- *Valorar e utilizar, de xeito creativo e acorde coas intencións plásticas, as posibilidades técnicas e expresivas dos diversos materiais, acabamentos, texturas e tratamentos cromáticos na elaboración de composicións tridimensionais simples. Este criterio trata de avaliar a capacidade para acadar acabamentos plasticamente coherentes nas súas realizacións volumétricas, utilizando as diferentes texturas e tratamentos cromáticos como elementos expresivos capaces de potenciar os valores plásticos da forma.*
- *Representar de forma esquemática e sintética obxectos tridimensionais co fin de evidenciar a súa estrutura formal básica. Con este criterio trátase de comprobar a capacidade para xerar elementos volumétricos, prescindindo dos aspectos accidentais e plasmando as súas características estruturais básicas.*
- *Analizar e elaborar, a través de transformacións creativas, alternativas tridimensionais a obxectos de referencia. Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para achegar solucións múltiples e orixinais ante un problema compositivo de carácter tridimensional, avaliando así o desenvolvemento acadado nos seus modos de pensamento diverxente.*
- *Comprender e aplicar os procesos de abstracción inherentes a toda representación, valorando as relacións que se establecen entre a realidade e as configuracións tridimensionais elaboradas a partir dela. Con este criterio preténdese comprobar se se comprenden os mecanismos que actúan nos procesos de representación e se se coñecen e valoran os niveis de abstracción imprescindibles no proceso creativo.*
- *Compoñer os elementos formais establecendo relacións coherentes e unificadas entre idea, forma e materia. Con este criterio avalíase a capacidade para xerar mensaxes visuais de carácter tridimensional, equilibradas en canto á forma como tal e ao significado da dita mensaxe. Preténdese coñecer se o alumnado entende a creación como un proceso global no que nada é superfluo e todo está intimamente conectado.*

- *Deseñar e construír elementos tridimensionais que permitan estruturar de maneira creativa, lóxica, racional e variable o espazo volumétrico. Con este criterio preténdese valorar a capacidade para elaborar elementos ou espazos volumétricos en que os aspectos formais e técnicos esten clara e directamente relacionados cos criterios funcionais.*
- *Crear configuracións tridimensionais dotadas de significado nas cales se estableza unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para seleccionar e utilizar os medios expresivos e a súa organización sintáctica, así como as técnicas e os materiais en función do significado.*
- *Recoñecer e valorar o patrimonio natural e cultural de Galicia. Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado para identificar as diferentes manifestacións culturais de Galicia e valorar a riqueza do patrimonio, a súa conservación e mellora.*
- *Desenvolver actitudes de colaboración nos traballos en grupo. Con este criterio trátase de valorar as actitudes que favorezan comportamentos sociais dentro do grupo tales como: respecto polas demais persoas, mantemento e limpeza de equipamentos e instalacións, axuda ás compañeiras e aos compañeiros, capacidade de discusión e crítica etc.*

## **CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES**

### **BLOQUE I**

- *Realizar un deseño bidimensional xeométrico empregando superposición de planos para conseguir volume.*
- *Solucionar correctamente os exercicios realizados ó longo das avaliacións sucesivas (común a todos os bloques).*
- *Dominar o vocabulario específico (común a todos os bloques).*
- *Comprender a expresividade das formas figurativas ou abstractas (común a todos os bloques).*
- *Comprender o concepto tridimensional (común a todos os bloques).*
- *Manipular e seleccionar correctamente os materiais (común a todos os bloques).*
- *Xenerar mensaxes visuais con significado nun medio de formas tridimensionais (común a todos os bloques).*
- *Entregar os traballos cun grao mínimo de consecución nos obxectivos dos mesmos (común a todos os bloques).*

### **BLOQUE II**

- *Entender o valor expresivo dos ocos escultóricos e utilízalos nos seus traballos.*
- *Valorar o acabado na textura e na cor.*
- *Realizar deseños volumétricos partindo de formas prismáticas utilizando os ocos escultóricos.*
- *Distinguir entre formas abertas e formas pechadas no Volume.*

### **BLOQUE III**

- *Presentar un proxecto volumétrico final, no que se reflicten todos os conceptos e técnicas asimiladas no curso.*
- *Realizar un dossier ou caderno no que se recollan documentacións, e procesos dos traballos realizados durante o curso.*

**METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

*A presenza explícita no currículo de tres tipos de contidos- os conceptuais, os procedimentais e os actitudinais- implica que todos eles deben ser obxecto de ensinanza e de aprendizaxe.*

*Os distintos tipos de contidos se presentarán integrados e se traballarán o mesmo tempo que os procedimentais.*

*Os contidos conceptuais non se agotan nunha unidade didáctica, senón que aparecerán noutras como soporte Os conceptos aprenderáanse por medio de actividades experimentais ou procedimentais que potenciarán a actividade intelectual do alumnado.*

*A aprendizaxe de conceptos supón unha comprensión gradual, o alumnado irá comprendendo os conceptos ante as experiencias obtidas a través da realización dos traballos propostos, a través dos contidos procedimentais.*

*Os contidos procedimentais inclúen destrezas, técnicas, estratexias, investigación, habilidades e método. A aprendizaxe do contido procedimental vaise logrando de maneira progresiva; as accións que o compoñen vanse perfeccionando a través da exercitación ata que o procedemento se fai cada vez máis funcional e pode ser aplicado de maneira eficaz a situacións novas o máis complexas.*

*Os contidos actitudinais engloban as actitudes, os valores e as normas. A súa aprendizaxe realizarase mediante o exemplo, a observación, a imitación de modelos e a experiencia directa.*

*A ensinanza desta materia se centrará non só no volume entendido como escultura senón tamén nas expresións de volume non escultóricas, relacionados co mundo do deseño.*

*O desenvolvemento dos contidos procedimentais se centrarán tanto na copia de modelos, primando o aspecto figurativo e a súa reprodución correcta, como na súa posterior interpretación abstracta ou libre do modelo na que o alumnado ordenará doutra maneira os seus elementos configurativos. O auténtico estudio da forma tridimensional pasa por ver a súa configuración, a estrutura, os elementos definitorios de xeito que se poida reproducir e interpretar o modelo dunha maneira recoñecible e co grao de iconicidade desexado.*

*As actividades realizadas nesta materia se desenvolverán dunha maneira dinámica na aula, por medio de diálogos nos que se analicen formas tridimensionais e se comparen unhas con outras, e realizando discusións na clase sobre os traballos realizados analizando a expresividade, os elementos configurativos, a organización estrutural, a composición...*

*As actividades non irán encamiñadas só ó desenvolvemento directo da creatividade, senón tamén a potenciar os coñecementos conceptuais e destrezas necesarias para dotar ó alumnado dos elementos conformativos máis importantes da linguaxe tridimensional.*

# Cultura Audiovisual

# **1º BAC**



## INTRODUCCIÓN

*Na Área de Educación Plástica e Visual na Educación Secundaria Obligatoria lévase a cabo unha experiencia inicial e unha primeira aproximación á lectura e produción de imaxes. Con o ensino e o aprendizaxe da materia de Cultura Audiovisual no Bacharelato preténdese que os alumnos/as pasen deste Nivel Introdutorio á profundización na lectura e produción das mesmas, de xeito que atopen un bó aprendizaxe da gramática visual empregada na sociedade actual para a creación de mensaxes visuais.*

*Este enfoque da materia está dirixido a fomentar no alumnado unha actitude analítica e crítica que permita a dedución das claves utilizadas na elaboración dun mensaxe, e capacitalo para discernir sobre a súa calidade, as motivacións que encerra, as posibilidades de manipulación...*

*Có estudio desta materia o alumnado desenvolverá capacidades de expresión a través de imaxes, utilizando recursos como a cámara dixital, a de vídeo, ó ordenador..., sen esquecer as técnicas tradicionais de expresión. Ó mesmo tempo, intervendrán de maneira activa no montaxe de imaxes para xerar os seus propios mensaxes. De tódolos xeitos, o obxectivo central da materia será a comprensión da linguaxe da imaxe e o desenvolvemento da capacidade de expresarse a través da mesma, deixando o manexo dos medios supeditando á natureza dos mensaxes que han de emitirse, ás propias capacidades e intereses do alumnado e ás posibilidades materiais do centro.*

*Os contidos da materia de Cultura Audiovisual contribúen a que ó alumnado poda utilizar a linguaxe derivada do manexo da imaxe para comprender os mensaxes que veñen do exterior e para elaborar mensaxes propios.*

*A asignatura de Cultura Audiovisual atópase en conexión e interdependencia con outras materias do Bacharelato, isto favorece a posibilidade de aplicar nela aportacións procedentes doutras materias como Lingua galega e castelá, Volume, Debuxo Artístico, Filosofía...*

## OBXECTIVOS

- Expresarse e comunicarse utilizando os elementos conceptuais e, no seu caso, técnicos dos medios visuais mais apropiados para xerar unha mensaxe propia.*
- Comprender o léxico específico do mundo da imaxe e expresarse verbalmente mediante o mesmo, conociendo a súa conceptualización para ser coherente no momento de trasladar unha actividade da teoría á práctica.*
- Analizar criticamente mensaxes visuais e /ou sonoras, propios e alleos sabendo extraer deles os elementos estruturais técnicos, artísticos, teóricos e prácticos e detectando os fenómenos de manipulación da imaxe e a súa utilización no terreo da opinión pública, a difusión dos estilos de vida e as repercusións na saúde individual e colectiva.*
- Analizar e valorar as distintas linguaxes audiovisuais para facilitar a integración nelas dos coñecementos e motivacións propias co fin de consolidar, nun futuro académico ou profesional, un modo e un estilo persoal de expresión e de comunicación.*



- *Interesarse polo coñecemento do panorama da produción de mensaxes audiovisuais de autores galegos, valorando as súas características e repercusións a nivel nacional e internacional.*
- *Aplicar unha visión multidisciplinar na hora de producir, emitir e captar unha mensaxe visual, establecendo relacións de integración e aplicación entre o mundo da imaxe e o campo doutras materias da modalidade, tal e como se reflicten no ámbito profesional e artístico.*
- *Crear mensaxes audiovisuais dentro dos medios actuais de comunicación, apreciando outros modos de expresión audiovisual como aportacións de experiencias enriquecedoras.*
- *Valorar críticamente o papel que cumpren os medios audiovisuais no campo da comunicación e das manifestacións artísticas da sociedade actual.*
- *Aplicar os coñecementos adquiridos á análise crítico dos mecanismos de manipulación da imaxe na publicidade, desenvolvendo ante eles actitudes que favorezan estilos de vida autónomos, saudables, democráticos e tolerantes.*

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### BLOQUE I : CONCEPTOS E TEORÍA DA LECTURA DE IMAXES

#### I.1.- A Percepción

##### A) OBXECTIVOS:

- *Coñecer e analizar os principios e leis da Gestalt.*
- *Coñecer as teorías básicas sobre a percepción.*
- *Detectar estos principios na realidade próxima.*
- *Aplicar practicamente os principios e teorías da percepción.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Concepcións perceptivas: perspectiva, fondo-forma, contorno, clarooscuro, profundidade e distancia.*
- 2) *Teoría da Gestalt.*

#### I.2.- A Composición e estrutura da imaxe

##### A) OBXECTIVOS:

- *Comprender o léxico específico do mundo da imaxe.*
- *Expresarse verbalmente mediante o léxico da imaxe.*
- *Coñecer a conceptualización do mundo da imaxe para ser coherente no momento de levar unha actividade da teoría á práctica.*
- *Extraer das imaxes os elementos estruturais, técnicos, artísticos, teóricos e prácticos.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Elementos da imaxe: Tempo, cor, luz e son.*
- 2) *A forma: Composición e estrutura.*

#### I.3.- A Publicidade

##### A) OBXECTIVOS:

- *Coñecer e saber aplicar os fundamentos básicos da linguaxe publicitaria.*
- *Recoñecer as diferencias entre os distintos medios publicitarios, as súas características, elementos e aplicacións.*
- *Ser capaces de analizar criticamente un anuncio publicitario dunha maneira obxectiva e subxetiva.*
- *Recoñecer e apreciar a incidencia da publicidade no entorno social e cultural nas sociedades industriais.*

## **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fundamentos e funcións da publicidade.*
- 2) *Tipos de anuncios, de produtos e de consumidores.*
- 3) *Os medios publicitarios. A publicidade gráfica, sonora e audiovisual.*
- 4) *A mensaxe publicitaria, os elementos.*
- 5) *Fundamentos plásticos do Deseño Publicitario.*
- 6) *Os roles sociais na publicidade.*

## **BLOQUE II : IMAXE ESTÁTICA OU FIXA**

### **II.1.- O Cómic**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Comprender ó léxico específico do mundo do cómic, a súa estruturación e os códigos expresivos propios.*
- *Expresarse e comunicarse utilizando os elementos conceptuais e técnicos do mundo do cómic para xerar unha mensaxe propia.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Comic.*
- 2) *Orixe do Cómic.*
- 3) *Estructuración: Páxina, viñeta, encadre.*
- 4) *Códigos expresivos propios: globos, onomatopeias, cartelas.*
- 5) *Cómic no cine, paralelismo coa linguaxe cinematográfica: ángulo, plano, movemento da cámara, continuidade.*

### **II.2.- A fotografía e a imaxe dixital**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Expresarse e comunicarse utilizando os elementos conceptuais e técnicos da fotografía para xerar unha mensaxe propia.*
- *Aplicar o coñecemento sobre o uso da luz para acentuar a mensaxe plástica dacordo con determinados propósitos.*
- *Coñecer a gramática e os signos de puntuación da imaxe fixa e cómo a variación destes nun mesmo mensaxe condiciona a recepción do mesmo.*
- *Coñecer ó funcionamento básico dunha cámara réflex.*
- *Coñecer os principios nos que se basea a fotografía e as súas técnicas de realización e revelado.*
- *Coñecer as posibilidades que ofrece a informática para xerar e producir imaxes estáticas.*

## **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A Fotografía.*
  - *Historia da fotografía.*
  - *Estratexias visuais. A linguaxe fotográfica: luz, encadre, tamaño, formato, planos, ángulo, profundidade de campo.*
  - *Funcionamento básico dunha cámara reflex.*
  - *Cámara oscura: utilización práctica.*
- 2) *O fotomontaxe.*
  - *Aplicación na publicidade.*
- 3) *A fotonovela.*
  - *Encadres e significado.*
  - *A fotonovela e a linguaxe fílmica.*
- 4) *Imaxe Dixital.*
- 5) *Software: Fotoshop, Corel, Adobe Premier.*
- 6) *Periféricos: Scanners, cámaras dixitais, cámara vídeo.*
- 7) *Aplicacións gráficas co ordenador.*

## **II.3.- O Cartel**

### **A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e analizar os diferentes carteis realizados na historia e a evolución da linguaxe cartelística.*
- *Coñecer e aplicar as técnicas visuais que rixen na linguaxe cartelística.*
- *Comprender o léxico específico do mundo cartelístico.*
- *Comprender e valorar a importancia do Cartel no mundo da imaxe.*
- *Coñecer os diferentes campos que pode abarcar o mundo cartelístico (político, estético, publicitario...).*

### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Historia do Cartel:*
  - 1.a) *Carteis Artísticos.*
    - Os primeiros carteis.*
    - Carteis Art Nouveau.*
    - Carteis e simbolismo.*
    - Carteis Hobbies.*
  - 1.b) *O moderno e o profesional.*
    - Movimentos artísticos formais.*
    - Movimentos artísticos decorativos.*
    - Os “contemporáneos” anos 40 e 50.*
  - 1.c) *Carteis e realidade.*
    - Expresionismo.*
    - Realismo.*
    - Surrealismo.*
  - 1.d) *Carteis e sociedade.*
    - O idioma popular.*
    - Carteis e humor.*
    - Política, revolución e guerra.*
- 2) *Mensaxe semántico e mensaxe estilístico:*
  - 2.a) *Utilidade.*
  - 2.b) *Fin comunicativo e fin estético.*
- 3) *Técnicas visuais utilizadas na linguaxe cartelística (Armonía, equilibrio...)*

### **BLOQUE III : A IMAXE EN MOVEMENTO**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Plantexar o Story Board dunha filmación do alumno especificando e razoando cada recurso utilizado.*
- *Comprender os principios que deron lugar ó cine como medio expresivo, así como a súa terminoloxía específica.*
- *Crear mensaxes publicitarias baseadas na imaxe e analizar as mensaxes.*
- *Coñecer as posibilidades que ofrece a informática para xerar e reproducir imaxes en movemento.*
- *Analizar e describir en filmacións de recoñecido valor artístico os diferentes recursos técnicos e signos de puntuación utilizados (movementos de cámara, planos, ángulos de visión).*
- *Aplicar o coñecemento sobre o uso da iluminación para acentuar a mensaxe plástica de acordo con determinados propósitos.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A linguaxe cinematográfica. Unidades de narración. Encadre, ángulo, enfoque e movemento de cámara.*
- 2) *Video. Proceso de filmación e de realización. Vídeo e ordenador. Montaxe dixital.*
- 3) *Spot publicitario. Recursos psicolóxicos e recursos visuais. A publicidade subliminal: a súa influencia nos hábitos de consumo, saúde e drogodependencia.*

### **BLOQUE IV : LINGUAXES INTEGRADAS**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Rexistrar distintos tipos de son en canto a orixe, intensidade, ton e timbre, co fin de incorporalos como banda sonora dunha historia secuenciada.*
- *Producir imaxes nas que interveñan os conceptos, fases, elementos e técnicas que constitúen un proceso de comunicación audiovisual.*
- *Comprender e valorar a correspondencia, complementariedade e dependencia na elaboración dunha mensaxe baseada na integración de linguaxes.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Aplicacións gráficas do ordenador.*
- 2) *Multimedia.*
- 3) *Montaxes escénicos.*
- 4) *Linguaxe cinematográfico.*
- 5) *Son.*
- 6) *Montaxe no ordenador de son e de imaxe.*

**TEMPORALIZACIÓN**

**BLOQUE I**..... 1ª, 2ª Avaluación

**BLOQUE II**..... 1ª, 2ª Avaluación

**BLOQUE III e IV**..... 2ª, 3ª Avaluación

**CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN**

- *Identificar os elementos básicos da linguaxe audiovisual e utilízalos na realización de producións sinxelas. A través deste criterio preténdese valorar o coñecemento das compoñentes esenciais que forman parte da produción de documentos audiovisuais, competencia que permitirá realizar producións sinxelas de imaxe fixa e en movemento.*
- *Identificar os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e a comunicación e na evolución estética das mensaxes audiovisuais. Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para identificar a evolución tecnolóxica e estética dos diferentes produtos audiovisuais a que ten acceso.*
- *Establecer as diferenzas entre imaxe e realidade e as diversas formas de representación. Con este criterio comprobarase a comprensión das semellanzas e disparidades existentes entre a vida real e a visión que dela nos ofrecen os medios audiovisuais e de comunicación.*
- *Analizar os elementos espaciais e temporais, características básicas, significado e sentido na lectura de imaxes fixas e en movemento. Este criterio pretende avaliar a comprensión por parte do alumnado das diferenzas existentes entre a lectura obxectiva e a subxectiva (denotación e connotación) dunha mesma imaxe ou produción audiovisual.*
- *Analizar producións audiovisuais identificando as características dos distintos xéneros e distinguindo os estereotipos máis comúns presentes nos produtos audiovisuais. Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado de adoptar unha visión crítica e selectiva sobre os diversos contidos da oferta radiofónica, televisiva e, en menor medida, cinematográfica, diferenciando os distintos xéneros e os tópicos máis comúns presentes nos programas máis habituais. Valorarase igualmente a súa actitude cunha recepción consciente, selectiva e crítica ante as producións audiovisuais.*
- *Recoñecer e xustificar as distintas funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos daqueles outros relacionados coa emotividade, a sedución e a fascinación. Este criterio trata de comprobar que as alumnas e os alumnos saben distinguir os diferentes elementos e estratexias que inciden na recepción das mensaxes publicitarias. Terase en conta o uso que fan da figura da muller os diferentes medios.*

- *Identificar as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como a rede da internet. Preténdese valorar a asimilación que fai o alumnado da utilidade e oportunidades que ofrecen os medios audiovisuais, avaliando todos os seus aspectos positivos e, tamén, aqueles outros que poden resultar máis negativos, como a oferta de contidos ilícitos ou ilegais.*
- *Desenvolver actitudes de colaboración en grupo. Con este criterio trátase de valorar as actitudes que favorezan comportamentos sociais dentro do grupo tales como o respecto cara ás outras persoas; valorarase, así mesmo, o mantemento e limpeza de equipamentos e instalacións, a capacidade de discusión e crítica e mais a asunción da necesaria xerarquía e orde no traballo que require calquera proxecto audiovisual.*
- *Ser capaz de expresarse mediante o uso de mecanismos audiovisuais. Con este criterio búscase valorar o grao de madurez que vai adquirindo o alumnado para facer uso dos medios audiovisuais na creación de mensaxes que lle permitan expresarse nun medio en continua expansión.*
- *Coñecer e apreciar as producións de imaxe fixa e audiovisuais creadas no ámbito físico e cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. Este criterio busca descubrir o coñecemento que ten o alumnado do acervo cultural galego, tanto o clásico coma o emerxente, nos medios audiovisuais e de imaxe fixa.*

## **CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES**

### **BLOQUE I**

- *Saber analizar e atopar nas imaxes e no entorno as Leis da Gestalt.*
- *Saber extraer das imaxes os elementos estruturais, técnico- artísticos, teóricos e prácticos.*

### **BLOQUE II**

- *Coñecer o léxico do mundo do Cómic.*
- *Saber realizar debuxos sinxelos utilizando os diferentes recursos do Cómic.*
- *Saber aplicar o coñecemento sobre o uso da luz para acentuar unha mensaxe plástica dacordo con determinados propósitos.*
- *Coñecer o léxico, técnicas visuais, e Historia do Cartelismo e saber aplicarlas en creacións propias.*

### **BLOQUE III**

- *Coñecer os principios que deron lugar ó Cine como medio expresivo, así como a súa terminoloxía específica.*
- *Saber analizar e describir en obras cinematográficas de valor artístico os diferentes recursos e signos de puntuación utilizados.*

### **BLOQUE IV**

- *Saber producir imaxes nas que interveñan os conceptos, fases, elementos e técnicas que constitúen un proceso de comunicación audiovisual.*

## **METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

*No desenvolvemento didáctico da asignatura de Cultura Audiovisual se parte dunha proba inicial para detectar o nivel do alumnado. Esta proba, estará baseada no análise dun tipo de linguaxe audiovisual, partindo só dos conceptos adquiridos na secundaria e da propia intuición e experiencia do alumnado.*

*A partir do resultado da proba inicial o profesor poderá empezar a plantexarse estratexias de iniciación na organización dos contidos.*

*O desenvolvemento dos contidos mais conceptuais do Bloque I se combinara coa súa exemplificación ou aplicación nos contidos dos restantes bloques, dando esta combinación a posibilidade de desenrolar os contidos dos tres bloques restantes, dun carácter mais procedimental, alternando a súa ordenación.*

*Este tipo de organización da a posibilidade de ir alternando obxectivos e contidos de distinta natureza no desenvolvemento da asignatura e, ademáis, estudar na exemplificación práctica o grado de importancia que adquiren as bases teóricas da percepción visual e psicolóxica da imaxe en mensaxes de distinto grado de complexidade tanto conceptual como técnica.*

*A metodoloxía a seguir non estará acoutada de maneira ríxida, deberá ser produto das características propias do grupo e da dispoñibilidade do mesmo tanto en capacidades intelectuais como técnicas.*



Deseño  
**2º BAC**

## INTRODUCCIÓN

*Os contidos de Fundamentos do Deseño, seleccionados para esta etapa, contribúen ó coñecemento a organización do ambiente físico onde se desenvolve a vida cotidiá, e han de axudar a medir, a reproducir e a recoñecer os obxectos que conforman o contorno de cada día, comprendendo o seu funcionamento e cómo resoven as esixencias da vida actual. Por outra parte, permitirán relacionar o ambiente e a vida en diferentes épocas e entender como, a través de lentas transformacións nos é dado o ambiente que nos rodea.*

*Na ensinanza de esta materia non se buscarán niveis de complexidade propios de estudos especializados, senón que permitirá ós alumnos acceder a estudos superiores con coñecementos sobre principios e métodos que fundamentan a concepción e a representación de solucións relacionadas coas necesidades do ser humano, tanto funcionais como estéticas.*

*Abordarase o estudio destes Fundamentos de Deseño desde o coñecemento empírico, pasando polas súas fases gráficas, ata conclusións de maquetas, sen esquecer que en todo proceso de creación, débense analizar os materiais a utilizar, as súas características e as súas vantaxes para un determinado fin.*

## OBXECTIVOS

- *Resolver propostas elementais de deseño nas que os aspectos funcionais queden definidos.*
- *Valora-los aspectos estéticos do deseño como compoñente comunicativo tendo en conta a finalidade principal do produto.*
- *Elixir os medios de expresión axeitados para cada proposta utilizando os medios e técnicas co nivel técnico suficiente.*
- *Comprender o valor cultural que o deseño ten na cultura contemporánea asumindo correntes estéticas contemporáneas.*
- *Interese pola investigación e ser crítico continuamente como obxectivo de superar resultados previos.*
- *Recoñecer e aceptar no deseño as vertentes doutros campos que podan incidir no resultado final.*
- *Entender que no deseño o traballo fundaméntase na “idea” como base do seu desenvolvemento, e o traballo colectivo é fundamental para acadar a mellor das posibles.*
- *Iniciar ó alumno/a na realización de modelos e prototipos establecendo o vínculo entre a representación abstracta e a idea e a súa realidade espacial.*

## SECUENCIA DOS CONTIDOS

### BLOQUE I : CONCEPTOS DE DESEÑO

#### **I.1.- Desenvolvemento histórico do Deseño: Evolución e estado actual**

##### **A) OBXECTIVOS:**

- *Rexeitar estereotipos o través do coñecemento histórico.*
- *Enmarcar a orixe do deseño e o seu campo de desenvolvemento.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Encadre histórico: Coñecer as principais características, autores e obras do deseño atendendo principalmente a movementos como Arts and Crafts, Modernismo, Bauhaus, Funcionalismo pop, Postmodernidad, contemporáneos, etc.*

#### **I.2.- Forma e función**

##### **A) OBXECTIVOS:**

- *Descubrir nos obxectos naturais e artificiais a correspondencia entre forma e función.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Correspondencia e interacción entre forma e función.*

#### **I.3.- Deseño e Sociedade Industrial**

##### **A) OBXECTIVOS:**

- *Comprender a vinculación directa entre o deseño, como planificación racional para solucionar eficazmente os problemas construtivos e funcionais dos obxectos, e os procesos e instrumentos de fabricación industrial.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Comparala forma de produción artesanal e industrial.*

#### **I.4.- Deseño e Mercado**

##### **A) OBXECTIVOS:**

- *Analiza-la gran variedade de produtos que atenden as mesmas funcións e necesidades.*
- *Descubrir as diferenzas ou semellanzas nos produtos que teñen igual función e necesidade.*
- *Observar a gran variedade que presenta o mercado en canto a un solo produto e as distintas respostas que ten que ofrecer o deseño (envasado, etiquetado, publicidade...).*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Analizar a gran cantidade de produtos que atenden á mesma función.*

**I.5.- Os deseños nas sociedades informáticas**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Analizar os campos do deseño onde inciden e de que xeito as novas tecnoloxías.*
- *Facer unha análise do deseño nos últimos 10 anos.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Comprender e valorar as principais escolas e liñas de traballo no deseño nos últimos anos.*

**I.6.- Fases e secuencias do proceso de proxectación**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Comprender a organización do traballo como base de comprensión para levar a cabo un proxecto.*
- *Entender as diferentes fases e campos nas que se desenvolve o deseño.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto de proxecto, maqueta e prototipo.*

**BLOQUE II : ESTRUCTURAS BÁSICAS NAS LINGUAXES DO DESEÑO**

**II.1.- As figuras xeométricas planas: posibilidades expresivas e construtivas**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer e comprender os usos das estruturas xeométricas na planificación e construción de imaxes e obxectos.*
- *Utilización de medios informáticos na procura de posibilidades.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Construción de redes con figuras básicas: triángulo, cadrado, círculo e pentágono.*
- 2) *Posibilidades expresivas das formas xeométricas planas.*
- 3) *Estructuras xeométricas na natureza e a súa utilización no deseño.*

## **II.2- Módulos , redes e estruturas bidimensionais**

### **A) OBXECTIVOS:**

- *Descubrilas posibilidades expresivas, creativas e funcionais das estruturas modulares e bidimensionais.*
- *Analizar as posibles aplicacións a traballos de sinalización, logotipos, estampado téxtil, pavimentos e cartelería.*

### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto de módulo e estrutura.*
- 2) *Concepto de teselación.*
- 3) *Fundamentos matemáticos e xeométricos para producir ritmos e series.*

## **BLOQUE III : O DESEÑO GRÁFICO**

### **III.1.- O logotipo**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Descubrilas posibilidades comunicativas e simbólicas do logotipo para identificar o espírito e cualidades dunha empresa, compañía, institución ou asociación.*
- *Aplicacións reais para valorar prazos de execución.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Usos e significados no mundo empresarial corporativo e comercial do logotipo no mundo actual.*
- 2) *Concepto de logotipo.*

### **III.2.- A Tipografía na publicidade: o cartel e os folletos publicitarios**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Descubri-las principias fases de creación tipográfica.*
- *Coñecer los estilos tipográficos máis relevantes no mundo editorial e publicitario contemporáneos.*

#### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Deseño tipográfico, técnicas e procedementos.*

### **III.3- A maquetación de texto e imaxe**

#### **A) OBXECTIVOS:**

- *Comprender a interrelación da linguaxe verbal e visual.*
- *Coñecer as principias técnicas das linguaxes publicitarias.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Cartel.*
- 2) *Libro e revista.*
- 3) *Anuncio publicitario.*
- 4) *Señalética.*

<b>BLOQUE IV : METODOLOXÍA DA PROXECTACIÓN EN DESEÑO</b>
--

**IV.1.- Fases e secuencias do proceso de proxectación**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Coñecer as principais fases e secuencias do proceso de proxección no deseño.*
- *Comprender a complexidade dinámica de diferentes métodos ou estratexias proxectuais.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto de proxecto, maqueta e prototipo.*

**IV.2.- A ergonomia: a interacción entre as persoas e os obxectos**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Descubrir as implicacións ergonómicas no deseño.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Comprender o carácter interdisciplinar dun proxecto de deseño e como se relacionan os aspectos económicos, psicolóxico e sociolóxico.*

**IV.3.- A Biónica. A natureza como modelo de deseño**

**A) OBXECTIVO:**

- *Comprender a importancia do estudo da natureza como modelo para resolver deseños.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Estruturas xeométricas nas formas naturais.*
- 2) *Concepto de adaptación funcional ó entorno.*

#### **IV.4.- Materiais e técnicas de fabricación**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Entender a importancia do coñecemento do material para a resolución final dos obxectos deseñados.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Familiarizarse cas cualidades propias dos materiais.*

### **BLOQUE V : DISEÑO INDUSTRIAL**

#### **V.1.- Envases**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Coñecer os problemas fundamentais que plántexa o envasado de diferentes productos.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto de envase e os seus usos industrial e comercial .Normas e problemas.*
- 2) *O debuxo técnico: sistema diédrico, axonométrico e cónico. Acotación. Croquis e esbozos.*

#### **V.2.-Mobiliario.**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Comprender e coñecer as necesidades de uso dos obxectos, produtos industriais, domésticos e comerciais.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Principios técnicos e materiais para a construción do moble proposto.*
- 2) *Conceptos de construción modular.*

#### **V.3.- As lámpadas**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Comprender a iluminación artificial en diferentes espazos interiores e exteriores.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Conceptos básicos de luminotecnia.*

2) *Coñecer a evolución do deseño das lámpadas e a nova utilización de materiais e tecnoloxía.*

#### **V.4.- Os xoguetes**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Comprensión das necesidades lúdicas de nenos como estímulo da imaxinación e cooperación.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Concepto sociolóxico do xoguete.*

### **BLOQUE VI : DESEÑO URBANO**

#### **VI.1.- Espazos abertos. O parque**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Comprender a relación do espazo natural e o medio urbano.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Conceptos de xardinería, mobiliario urbano e escultura lúdica.*

#### **VI.2.- Espacio habitable**

##### **A) OBXECTIVO:**

- *Descubrir as técnicas para a organización dos espazos habitables.*

##### **B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A perspectiva cónica, preferentemente a man alzada; considerando a importancia da composición volumétrica, iluminación, cores e texturas do espazo a diseñar.*

### **TEMPORALIZACIÓN**

**BLOQUE I e II**..... 1ª Avaliación

**BLOQUE III e IV**..... 2ª Avaliación

**BLOQUE V e VI**..... 3ª Avaliación



<b>CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN</b>
--

- *Utilizar os elementos básicos da linguaxe visual para establecer diferentes relacións compositivas e recoñecer posibles aplicacións destas estruturas en obxectos concretos de deseño. Este criterio busca valorar a capacidade compositiva, o uso adecuado dos elementos visuais e as súas relacións, así como as súas posibilidades expresivas, especialmente o uso da cor: as súas calidades funcionais e estéticas e a súa adecuación ás diferentes aplicacións segundo códigos semánticos e psicolóxicos.*
- *Realizar proxectos elementais de deseño gráfico no campo da identidade, da sinalización, da edición e da publicidade. Este criterio trata de avaliar a capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos na execución de proxectos concretos de deseño gráfico: composición, metodoloxía, linguaxe formal, linguaxe simbólica, retórica e condicionamentos funcionais.*
- *Comprender as relacións do deseño coa natureza, a sociedade, a ideoloxía e a ética. Coñecer e describir as características fundamentais dos movementos históricos, correntes e escolas máis relevantes da historia do deseño. A través deste criterio preténdese avaliar si se comprende o deseño como unha actividade conectada sempre cun contorno natural e/ou cultural en que os factores específicos do deseño se atopan sempre mediatizados por factores contextuais. Tamén se avaliará si recoñecen as correntes e escolas máis relevantes.*
- *Facer uso do método axeitado para o desenvolvemento proxectual do obxecto de deseño. O obxectivo deste criterio é saber si se valora a importancia da metodoloxía como ferramenta para a formulación, desenvolvemento e comunicación acertada do proxecto.*
- *Determinar as principais familias tipográficas, establecendo nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espazado e composición. Con este criterio preténdese comprobar a capacidade para usar de forma axeitada a tipografía seguindo criterios acertados na súa elección e composición.*
- *Analizar diferentes obxectos de deseño, e determinar a súa idoneidade, realizando en cada caso un estudo da súa dimensión pragmática, simbólica e estética. A través deste criterio pódese xulgar a capacidade para analizar os aspectos formais, estruturais, semánticos e funcionais de diferentes obxectos de deseño, que poderán ser obxectos naturais, obxectos simples ou articulados de uso cotián, ou obxectos propios de deseño gráfico.*
- *Coñecer nocións básicas de ergonomía e antropometría co fin de aplicarlas no deseño. Este criterio trata de valorar o coñecemento e a posta en práctica de condicionamentos tan importantes como as medidas do corpo humano (estáticas e dinámicas) e as súas características co fin de optimizar o uso dun obxecto de deseño.*
- *Realizar unha proposta elemental de deseño industrial, co fin de deseñar un obxecto seguindo un proceso metodolóxico axeitado na súa formulación, representación e execución. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para adecuar e articular os condicionamentos que inciden no deseño, xuntando os materiais, cor e procesos de fabricación á súa proposta, así como a correcta utilización de técnicas e sistemas de representación.*
- *Realizar un proxecto elemental de espazo habitable, empregando un proceso metodolóxico axeitado no desenvolvemento do proxecto. Este criterio servirá para avaliar a capacidade de atopar solucións de habitabilidade, distribución e circulación no espazo, adecuando o uso de materiais, iluminación, cor e instalacións, empregando correctamente as técnicas e sistemas de representación.*

## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### BLOQUE I

- *Presentar un traballo da evolución dun obxecto determinado ó longo da historia marcando os prototipos que significaron o cambio da produción artesanal a unha industrial.*
- *Presentar un traballo (vasos, cadeiras,...) onde se aprecie a variedade de formas para unha mesma función ou necesidade mediante fotografía ou bocetos gráficos, que expliquen visualmente a proposta con un comentario coherente e relacionado co traballo feito.*

### BLOQUE II

- *Saber realizar un deseño de redes utilizando o triángulo, cadrado, circunferencia e pentágono. A ser posible, utilizando a tecnoloxía informática co software.*
- *Saber crear deseños a partir de módulos para producir ritmos e series (W.Wong).*

### BLOQUE III

- *Saber realizar un logotipo ou marca derivado de calquera das actividades relacionadas co noso centro de ensino no mundo comercial e que teña difusión impresa. Aplicación de difusión (carteis, camisetas...).*
- *Saber facer un tipo de letra orixinal e o seu desenvolvemento tipográfico.*
- *Saber realizar un cartel que teña que ver con algunha actividade do centro ou tema transversal.*

### BLOQUE IV

- *Comprender o concepto de proxecto, maqueta e prototipo.*
- *Saber encontrar as estruturas xeométricas nas formas naturais e o concepto de adaptación funcional ó entorno.*

### BLOQUE V

- *Saber crear ou readaptar un novo tipo de envase respectando e aplicando os principios dun proxecto.*
- *Comprender e coñecer as necesidades do bo uso dos obxectos, da comodidade dos produtos industriais, domésticos e comerciais diseñados.*

### BLOQUE VI

- *Coñecer e comprendera relación do espazo natural e o medio urbano.*
- *Coñecer e comprender o espazo de interiores e as súas posibilidades.*
- *Coñecer, comprender e saber empregar correctamente os diferentes métodos de representación espacial.*

**METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

*A ensinanza-aprendizaxe das disciplinas relacionadas co deseño, plantexan problemas metodolóxicos que gardan unha relación, por unha banda, co avance e desenvolvemento dos procesos industriais ó longo do noso século, e por outra coa evolución histórica das disciplinas nas diferentes escolas do deseño (Bauhaus, Artes e oficios de Basilea...).*

*No enfoque metodolóxico de Fundamentos de Deseño se intentará que o alumnado opine sobre as imaxes ou obxectos que crean ou deseñan. Trátase dunha avaliación colectiva a través da cal o alumnado obtén unha información ( por parte dos seus compañeiros o do propio profesor) sobre o que ha querido expresar ou realizar. O profesorado intentará axudar ou aclarar os problemas que poidan surxir e a explicar algúns conceptos do deseño. Esta metodoloxía entronca máis co mundo real do deseño, en canto que as opinións obxectivas do grupo poden comparase coas opinión dun determinado público.*

*Algúns dos problemas metodolóxicos que pode presentar a disciplina do Deseño poden ser:*

- A) A necesidade de ensinar-aprender cos códigos e conceptos do Fundamento do Deseño.*
- B) A esixencia de que as ensinanzas de deseño estean entroncadas coa vida real.*
- C) A pretensión de que o alumnado sexa autónomo, creativo e capaz de tomar decisións responsables no proceso de creación dun deseño.*
- D) A oportunidade de que o alumnado reciba unha información ampla que o capacite para abordar múltiples tarefas nos distintos campos do deseño. Cada tipo de problema atopará unha solución a través dunha combinación de metodoloxías diferentes e tomará as decisións sobre as posibles combinacións adecuadas a cada momento.*

*Para propiciar o aprendizaxe significativo partírase dunhas ideas o esquemas previos do alumnado mediante:*

- Cuestionarios.*
- Entrevistas persoais ou de grupo.*
- Exercicios iniciais nos que o alumnado evidencie o seu nivel conceptual, a súa habilidade para manexar técnicas e materiais na visualización das súas ideas e os campos de interese e liñas estilísticas máis acordes coa personalidade e momento formativo.*

*O desenvolvemento metodolóxico se centrará tanto en contidos conceptuais como na realización de actividades prácticas, se baseará nunha metodoloxía centrada no aprendizaxe por descubrimento. Os problemas que se presenten, tanto durante o proceso como na configuración final do deseño, poderán atopar solución mediante a investimento do alumnado, contando co profesorado como apoio e orientación.*

*Tamén se incluírán, ademais de tódolos exercicios propostos e presentados nas datas indicadas polo profesor os exames correspondentes.*

**Técnicas de Expresión  
Gráfico-Plástica  
2º BAC**

## INTRODUCCIÓN

*Nas artes plásticas a concreción da obra lévase a cabo mediante as técnicas de expresión gráficoplástica, obxecto de estudo desta materia. O coñecemento destes materiais, utensilios e soportes abriranos un amplo campo de traballo permitíndonos diferentes resolucións plásticas dunha mesma xénese, así como a busca da técnica máis axeitada a resolucións de problemas concretos. O obxectivo é, tanto adquirir o coñecemento das distintas técnicas pertencentes ao ámbito do debuxo, da pintura e do gravado, como abrir novos vieiros na constante evolución e innovación das técnicas gráfico-plásticas.*

*Esta materia non só pretende contribuír a conseguir un virtuosismo técnico, senón que será unha ferramenta de exploración e desenvolvemento dun proxecto gráfico, entendido non só como un simple exercicio proposto na aula, senón como un vehículo de expresión que lle permita ao alumnado medrar como persoa, optimizando as aptitudes de cadaquén.*

*Esta busca da madurez persoal permitiralle coñecer e comprender o uso das distintas técnicas artísticas ao longo da historia da arte, ao mesmo tempo que contribuírá ao desenvolvemento da mente, das capacidades cognitivas a través do esforzo por crear e interpretar as obras de arte.*

*Do anteriormente dito podemos extraer o conxunto de contidos que forman este currículo na súa tripla articulación: desenvolvemento de habilidades de carácter técnico a través dos diferentes materiais, utensilios e soportes; aplicación destes coñecementos á linguaxe da comunicación visual e, por último, estimular a sensibilización estética e a comprensión da obra artística, para achegarse baixo unha ollada máis madura á historia da arte.*

## OBXECTIVOS

- *Coñecer os materiais e as técnicas analizando os seus fundamentos, así como o comportamento do material sobre os soportes.*
- *Apreciar a diferente expresividade das técnicas diversas.*
- *Manexar as distintas técnicas tanto tradicionais como contemporánea buscando os seus recursos expresivos tanto individualmente como en conxunto.*
- *Utilizar o coñecemento técnico para axeitalo á expresividade adecuada a cada momento.*
- *Saber descubrir nas obras de arte as distintas técnicas empregadas.*
- *Facer un estudo de comparación entre autores galegos e de outros países como análise de consecucións.*
- *Valora-lo traballo en equipo como base de reflexións e opinións diferentes ás nosas.*
- *Ser sensibles ás manifestacións de creación cas diferentes técnicas e asumilas como patrimonio cultural.*

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### BLOQUE I : AS TÉCNICAS PROCEDIMENTOS E MATERIAS DE DEBUXO. AS TÉCNICAS SECAS

#### I.1.- O lápiz, o lápiz a cor, carboncillo, plumilla, sanguina, pincel, rotulador e o estilógrafo

##### A) OBXECTIVOS:

- *Coñecer os principais procedimentos e técnicas de relación co debuxo.*
- *Adquirir estratexias na utilización dos materias propios de cada unha das técnicas.*
- *Valorar a presenza do debuxo e a súas técnicas na obra da arte.*
- *Valora-la presenza destas técnicas na obra pictórica de distintas épocas, estilos e países, atendendo especialmente a arte galega.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Lápiz de grafito. Características.*
- 2) *Lápiz de cor. Acuarelables.*
- 3) *Técnicas da liña e tonal.*
- 4) *Carboncillo. Soportes e fixadores.*
- 5) *Carboncillo na obra preliminar e na definitiva.*
- 6) *A plumilla. Tipos. Expresión no apunte do natural.*
- 7) *Pincel. Técnicas de mancha e liña.*
- 8) *A sanguina. Técnicas da liña tonal.*
- 9) *Rotulador. Técnica. Apunte.*
- 10) *Estilógrafo. Clases. Técnica.*
- 11) *Catálogo de épocas, estilos e autores con un apartado específico para arte galega.*

#### I.2.- O pastel, collage, técnicas mixtas

##### A) OBXECTIVOS:

- *Identificar e estudar os procedimentos e técnicas secas.*
- *Aprender a utilizalas de xeito práctico.*
- *Manexar de xeito adecuado os distintos materiais de aplicación.*
- *Valorala presenza destas técnicas na obra pictórica de distintas épocas, estilos e países, atendendo especialmente a arte galega.*

##### B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- 1) *Pastel: procedementos, orixe e compoñentes. Soportes.*
- 2) *Collage: orixenes e tipos. Fotografía e montaxe dixital.*
- 3) *Técnicas mixtas: utilización das técnicas vistas ata agora de xeito misturado. Análise dos comportamentos.*
- 4) *Catálogo de épocas autores e estilos. Facer un específico para arte galega.*

**BLOQUE II : AS TÉCNICAS PROCEDIMENTOS E MATERIAS DE DEBUXO.  
AS TÉCNICAS HÚMIDAS**

**I.1.- A acuarela, o acrílico, o oleo .**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Identificar e estudar os procedimentos e técnicas da pintura.*
- *Aprender a utilizalas de xeito práctico.*
- *Manexar de xeito adecuado os distintos materiais de aplicación.*
- *Valora-la presenza destas técnicas na obra pictórica de distintas épocas, estilos e países, atendendo especialmente a arte galega.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *A acuarela: orixe, procedementos, e compoñentes. Soportes.*
- 2) *Oleo: orixe, procedementos, e compoñentes. Soportes.*
- 3) *Acrílico: orixe, procedementos, e compoñentes. Soportes.*
- 4) *Catálogo de épocas autores e estilos.Facer un específico para arte galega.*

**BLOQUE III : AS TÉCNICAS PROCEDIMENTOS E MATERIAS DE DEBUXO.  
AS TÉCNICAS DE ESTAMPACIÓN**

**III.1.- A calcografía : Punta seca, augaforte, augatinta, verníz brando**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Identificar e estudar os procedimentos e técnicas calcográficas.*
- *Aprender a utiliza-las de xeito práctico.*
- *Manexar de xeito adecuado os distintos materiais de aplicación.*
- *Valora-la presenza destas técnicas na obra pictórica de distintas épocas ,estilos e países, atendendo especialmente a arte galega.*

**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS.**

- 1) *A punta seca: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 2) *A auga tinta: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 3) *A auga forte: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 4) *Verníz brando: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 5) *Catálogo de épocas autores e estilos.Facer un específico para arte galega.*

**III.2.- As novas calcografías : fotogravado, fotopolímero, impresións dixitais, estampas dixitais**

**A) OBXECTIVOS:**

- *Identificar e estudar os procedimentos e técnicas calcográficas recentes.*
- *Aprender a utilizalas de xeito práctico.*
- *Manexar de xeito adecuado os distintos materiais de aplicación.*
- *Valora-la presenza destas técnicas na obra pictórica de distintas épocas, estilos e países, atendendo especialmente a arte galega.*



**B) CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- 1) *Fotogravado: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 2) *Fotopolímero: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 3) *Impresión dixital: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*
- 4) *Estampa dixital: orixe, procedementos e compoñentes. Soportes.*

**TEMPORALIZACIÓN**

<b>BLOQUE I</b> .....	1ª Avaliación
<b>BLOQUE II</b> .....	2ª Avaliación
<b>BLOQUE III</b> .....	3ª Avaliación

**CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN**

- *Utilizar as técnicas e materiais máis comúns da expresión artística atendendo ao seu comportamento. Con este criterio comprobarase se o alumnado dispón dos recursos gráfico-plásticos básicos para expresarse artisticamente. Avaliarase a utilización das técnicas e os materiais gráfico-plásticos máis comúns (pigmentos, aglutinantes, cargas, disolventes etc.) e a súa relación con soportes e aparellos máis adecuados.*
- *Seleccionar e aplicar a técnica específica para a resolución dun problema proposto. Avaliarase con este criterio a comprensión e aplicación dos coñecementos teóricos e técnicos na práctica artística, valorando a capacidade expresiva das técnicas e materiais empregados.*
- *Mesturar diferentes materiais e utilízalos de forma combinada e con diferentes técnicas nunha creación gráfico-plástica tendo en conta as súas intencións expresivas e comunicativas. Avaliarase con este criterio a capacidade de relacionar técnicas e linguaxes visuais para realizar unha composición. Do mesmo xeito avaliarase a capacidade de utilizar, integrar e contextualizar distintos materiais na execución dunha obra, atendendo ao efecto visual que producen na composición e nas persoas que a contemplan.*
- *Coñecer e planificar o proceso de creación e realización dun proxecto artístico, sexa debuxo, pintura ou gravado, tendo en conta os seus materiais, procedementos e fases. Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado para desenvolver un proxecto gráfico-plástico, con creatividade, aplicando os coñecementos a un fin predeterminado.*
- *Establecer a relación entre diferentes modos de emprego das técnicas nas distintas épocas, estilos e culturas. Con este criterio avaliarase a comprensión das manifestacións artísticas de diferentes autoras e autores, de distintas épocas, segundo as técnicas e materiais empregados ao longo da historia en diferentes culturas.*
- *Valorar como medios de expresión artística e comunicación aquelas técnicas e materiais que tradicionalmente non forman parte da linguaxe gráficoplástica. Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado para comprender e asumir a constante evolución e innovación das técnicas gráfico-plásticas.*
- *A profesora da materia Ana Fuertes Besada fai constar o seguinte criterio:*
  - Coñecemento da terminoloxía específica, coñecemento teórico dos materiais de debuxo, pintura e gravado; así como dos distintos procedementos ao longo da historia. En xeral, o criterio de cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso seguirá a porcentaxe indicada:*
  - Avaliación Inicial: sen porcentaxe pois trátase de detectar os coñecementos previos do alumnado ao inicio de cada curso.*
  - Avaliación procesual: o control na evolución do alumno/a na aprendizaxe, actitude de traballo na clase, nº de producciones, etc. valorarase o 20%.*
  - Avaliación final: a calificación obtida nos exames valorarase o 80%, xeralmente un práctico co 60% e outro teórico co 20%.*



## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### BLOQUE I

- *Saber utilizar e coñecer os principais procedimentos e técnicas de relación co debuxo.*
- *Manexar oa diferentes útiles de Debuxo (lápiz de grafito, carboncillo, plumillas, pastel, sanguina...) aproveitando a súa intensidade no trazo para conseguir diferentes texturas e expresións.*
- *Saber utilizar os útiles anteriores nun mesmo debuxo.*
- *Recoñecer en obras de Arte as distintas técnicas empregadas e saber aproveitalas nos propios debuxos, (común a todos os Bloques de contidos).*

### BLOQUE II

- *Poder recoñecer diferentes tipos de soportes e materiais, empregandose de xeito adecuado na realización dos traballos, (común a todos os Bloques de contidos).*
- *Saber identificar os procedementos e técnicas da pintura e utilízalas de xeito práctico.*

### BLOQUE III

- *Poder identificar os procedementos e técnicas calcográficas.*
- *Saber realizar con orden, limpeza e coidado do material un gravado en linóleo e a súa estampación.*

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

*Habitualmente, a exposición oral baseada na utilización das TICs será o que encabece cada tema. Outras veces, será a mesma proposta do exercicio – claramente exposta no encerado cos obxectivos a acadar – o primeiro a facer, para logo analizar o conseguido e facer fincapé nos logros e erros mediante a exposición dos traballos nos paneis dispostos para elo.*

*En xeral, cada avaliación constará duns apuntes teóricos susceptibles de ser avaliados por escrito ou oralmente, sendo este exame o 20% da nota. O exame práctico, é onde o alumnado demostrará a súa preparación dende o esforzo acadado durante as sesións de traballo diario – catro sesións á semana – cun valor do 60% ou 80% da nota, dependendo de se realizase o teórico ou non. E, por último, o 20% restante o constituirá os traballos realizados na clase e os encargos para casa, onde valorarase a evolución e madurez do traballo, o número de producións e a entrega no tempo proposto, tendo que estar dispostos a revisión en calquera momento na carpeta da clase.*

*O alumnado faise partícipe das decisións relativas ó establecemento dos prazos para realizar e entregar os traballos polo que debe asumir dita responsabilidade.*

*Ao final do curso farase media coas cualificacións das tres avaliacións. Non se farán recuperacións das avaliacións. Os alumnos con perda de avaliación continua farán o exame proposto por lei para elo.*

### **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

*O departamento contribuirá co proxecto lector en moitas das actividades que se farán o longo do curso, estimulando ós alumnos á lectura de determinadas obras para logo utilízalas para os traballos da aula.*

*Se colaborará nas actividades que a biblioteca organice para fomentar a lectura.*

*Transformación de textos en colaboración cos departamentos de línguas estranxeiras.*

*Realización de guións, utilizados para a produción de cómic, fotonovela, corto de vídeo, etc.*

### **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC**

*En todas as asignaturas se contribúe directamente có plan TIC. Moitas das nosas asignaturas teñen como base metodolóxica as novas tecnoloxías.*

### **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

*En todo momento o departamento de debuxo colaborará co plan de convivencia establecido no centro.*

*Moitas das actividades que realízanse na aula contemplan ditas normas de convivencia.*

### **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

*A primeira condición para crear un espazo adecuado ao desenvolvemento das técnicas plásticas é dispoñer dunha boa ratio, que permita traballar comodamente e compartir sen dificultade os recursos comúns.*

*As aulas deben cumprir requisitos básicos:*

*Amplitude, aireación, luminosidade (luz homoxénea), dispoñer de piletas e billas, mesas grandes, armarios para materiais, estantes para exercicios de alumnos e una pequena biblioteca de aula.*

*Os medios pedagóxicos habituais serían:*

*Ordenador e canón, traballos realizados por alumnos de anos anteriores, carteis, folletos e outros materiais reprográficos, etc.*

*Materiais diversos como follas, rochas, conchas, etc. Obxectos de uso cotiá (cubertos, cuncas, pratos, lámpadas, etc.) de distintas épocas e funcións co fin de analizar súas calidades funcionais, formais e estéticas.*

*Medios que dependerían do emprego de técnicas concretas: cabaletes, tórculo, pistola de silicona quente, ordenadores, cámaras de vídeo, cámaras de fotografía, e outros instrumentos cuxo prezo sexa excesivo para o alumnado.*

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

*As actividades extraescolares e complementarias considerámolas parte importante no desenvolvemento e ampliación dos coñecementos adquiridos polo alumno na aula.*

*Estas actividades diferenciamos en tres grupos: Viaxes culturais (visitas ó Patrimonio Artístico e Museos). Conferencias (de artistas ou profesionais do mundo da imaxe). Talleres, intervencións no entorno do instituto e exposicións (realización de encontros de Arte con outros Institutos ou con Escolas de Arte, talleres realizados por artistas ou artesáns exposicións dos traballos dos alumnos, realización de actividades con outros Departamentos do Centro...)*

### **VIAXES CULTURAIS**

*Visita á Escola de Belas Artes e a Escola de Restauración.*

*Outras visitas de interese (xornadas dun día) que podan xurdir ó longo do curso.*

### **CONFERENCIAS**

- *Charlas Orientación sobre futuros estudos no campo das artes ou do Deseño. 2º BAC. Artes.*
- *Conferencias de artistas de Galicia ou de fora de Galicia.*

### **TALLERES E EXPOSICIÓNS**

- *Talleres realizados por artistas para o Bacharelato artístico.*
- *Intervencións artísticas diversas no entorno do Instituto (murais, performances, etc.).*
- *Colaboración con outros Departamentos en actividades que podan xurdir ó longo do curso.*
- *Exposición final de curso dos alumnos de Bacharelato Artístico e de Educación Plástica e visual.*
- *Participacións en concursos de carácter social.*
- *Colaboracións de apoio co Equipo de Normalización Lingüística.*

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

*Ó final do ano farase a avaliación da programación a través da memoria do curso. Nela se valorará e analizará qué parte da programación habemos de mellorar para o vindeiro curso.*

**Asinado:**

Mario Iglesias González

Ana M<sup>a</sup> Fuertes Besada

Manuel Rozados Fernández

Sonia Omil Expósito

Hernán Gómez Cortés  
(Xefe de Departamento)

***Pontevedra 15-09-2012***